

GALERÍA DE EXPERIENCIAS EN BENESTAR



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	7
OBXECTIVOS E VALORES.....	9
ESTRUTURA DA GALERÍA.....	13
A GALERÍA DE EXPERIENCIAS DE BENESTAR	15
A EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA.	17
Santiso en pé	19
As Bolsas de traballo.....	20
Os Eco - comedores.....	21
O Horto Infantil Ecolóxico	22
Os Libros Viaxeiros.....	23
A Ampliación dos Servizos Locais de Benestar	24
O AVELLAMENTO E A SOIDADE.	25
O Traballo Fronte á soidade.....	27
Os Programas Municipais de Voluntariado	28
Fálame de San Sadurniño	29
As Actividades Interxeracionais.....	30
Servizo de Atención ás Dificultades de Memoria	31
O Proxecto RedMay.....	32
Coidando ás Persoas Coidadoras.....	33
O Transporte público local.....	34
AS MÚLTIPLES EXCLUSIÓNS.	37
Contratación Pública Socialmente Responsable	39
Universo Diverso	40
A Mellora da Nutrición na Infancia	41
A Prevención nos Centros Educativos	42
A Mediación Intercultural	44
A Tarxeta Solidaria	45
OS COIDADOS.....	47
Os Servizos de Estimulación Terapéutica.....	49
Programa de Apoio a Persoas Coidadoras.....	50
A Mellora dos Coidados no Fogar	51
Os Coidados Sociosanitarios dende o Benestar.....	52
Os Coidados á Infancia	53
PRECISAS COÑECER MÁIS EXPERIENCIAS?	54
RECURSOS QUE PODES VISITAR.....	55



Introducción

A Galería de Experiencias en Benestar forma parte do conxunto de documentos que integran o Plan de Acción de Servizos Sociais da Coruña, que ten como obxectivo dotar á Deputación dun marco estratéxico para o desenvolvemento das políticas de benestar na provincia en relación cos Concellos menores de 20.000 habitantes e coas entidades sociais do territorio.

Este novo marco susténtase tanto na axeitada interpretación de datos demográficos e socioeconómicos a nivel provincial e comarcal, como na recompilación de percepcións transmitidas por un amplo abano de actores propios da política pública de benestar, entre os que salientan os equipos técnicos de benestar dos Concellos.

Dentro desta recompilación de percepcións, é preciso incidir na necesidade transmitida polo persoal técnico municipal das limitacións existentes en termos de acceso ás experiencias que, en diferentes eidos de traballo, se están a levar a cabo nos Concellos. É dicir, os traballos desenvolvidos no seo do Plan de Acción verifican que, dentro dos marcos recollidos pola normativa vixente e atendendo ó principio constitucional de autonomía local, os equipos de benestar deseñan, implementan e xestionan de xeito diferente medidas enfocadas ó traballo con colectivos e con problemáticas sociais semellantes.

Esta fragmentación das prácticas de traballo dos equipos de benestar, que vén determinada en boa medida por unha realidade cotiá atomizada, supón tanto a introdución de elementos relacionados coa inequidade territorial na posta a disposición da cidadanía de programas e medidas de benestar, como a limitación na presenza de espazos específicos nos que os equipos profesionais xeren e compartan coñecemento, facilitando así o intercambio e a adaptación local de medidas implementadas con éxito en contextos semellantes.

Así, a transmisión de coñecemento como parte fundamental para a súa xeración e reprodución é a razón fundamental para a creación da Galería de Experiencias en Benestar, entendida como un exemplo de recompilación de iniciativas locais de interese dirixidas ó traballo relacionado (I) co devalo demográfico; (II) co avellentamento e coa soidade; (III) coa exclusión social; e (IV) cos coidados; eidos de traballo que, na actualidade, son os factores de contexto determinantes para o desenvolvemento dos servizos locais de benestar, e que se constitúen como os elementos centrais do novo modelo de política de benestar a liderar dende a Deputación da Coruña.

Neste sentido, dentro da Galería prestarase especial atención ós programas e medidas deseñadas dende os Concellos de menos de 20.000 habitantes, facendo especial fincapé naqueles de menor tamaño, o que comporta facilitar o acceso ós equipos de benestar destes Concellos de menor capacidade a un salientable caudal de coñecemento, así como ás ferramentas para o debate e redeseño das medidas expostas, e a súa adaptación ós respectivos contextos locais.

Objetivos e valores



Tal e como se mencionou con anterioridade, a presente Galería de Experiencias de Benestar forma parte do Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña, que é a ferramenta que utilizará a Deputación para conformar o seu marco de actuación e a súa relación cos Concellos e coas Entidades Sociais en relación ás políticas de benestar.

O **obxectivo da Galería de Experiencias de Benestar do Plan de Acción de Servizos Sociais** é o seguinte:

A Galería de Experiencias de Benestar do Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña ten como obxectivo identificar e compartir aqueles programas, proxectos ou medidas deseñadas, implementadas e xestionadas polos equipos de benestar dos Concellos que, contando cun especial rendemento, se enfoquen ó traballo nos eidos do benestar máis prioritarios, de tal xeito que a súa transmisión e coñecemento xeneralizado faciliten a súa transferencia e adaptación a novos Concellos.

Para facer fronte a este obxectivo xeral, para a constitución da Galería de Experiencias de Benestar realizáronse as seguintes tarefas:

- Análise dos programas, medidas e actividades máis salientables dos departamentos municipais de benestar dos Concellos.
- Análise dos programas, medidas e actividades que teñan impacto en materia de benestar realizados polos Concellos.
- Comparación e encadramento destes programas, medidas e actividades desenvolvidos polos Concellos cos factores de contexto máis salientables en termos de benestar definidos no Plan de Acción.
- Afondamento na información municipal sobre os programas, medidas e actividades.
- Deseño dun formato homoxéneo para a transferencia de coñecemento sobre os programas, medidas e actividades e, de ser o caso, a súa adaptación ós novos territorios.

Un dos elementos máis importantes do Plan de Acción e da Galería, como unha das súas partes, é o conxunto de valores sobre os que se sustenta e que, polo tanto, serán os que guíen o seu desenvolvemento. Estes valores, dun xeito coherente coa Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, aterran o marco normativo vixente á actuación da Deputación da Coruña dentro da súa misión global de apoiar ós Concellos, con especial atención ós de menos de 20.000 habitantes, de modo que supoñen non só a nosa interpretación da lexislación senón os principios que a Deputación lle traslada a tódalas actuacións e ós modelos de relación enmarcados dentro do propio Plan de Acción.

Os valores do Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña son os seguintes:

- **Compromiso.** O Plan de Acción de Servizos Sociais supón o compromiso da institución coa cidadanía e cos equipos dos Concellos á hora de responder ás demandas sociais e prestar servizos de calidade que promovan e melloren a autonomía das persoas.

- **Solidariedade.** O Plan de Acción define un marco de relación estable entre a Deputación e os Concellos que garante a sustentabilidade dos servizos sociais comunitarios a través da dotación de recursos e de ferramentas compartidas, poñendo a primeira pedra para a creación da Rede de Concellos para o Benestar. A través do valor da solidariedade garántese que a Rede de servizos sociais comunitarios estea ó alcance de toda a cidadanía da provincia, eliminando as fendas territoriais e promovendo o acceso universal.
- **Integración.** O Plan de Acción contén a creación dun modelo de apoio institucional e técnico que a Deputación da Coruña poñerá a disposición dos Concellos. Este modelo garantirá que a asistencia técnica da Deputación chegue a tódolos equipos municipais dando unidade ás intervencións dentro da necesaria adaptación ás realidades locais.
- **Participación.** O Plan de Acción constrúese sobre a base da participación das persoas profesionais dos servizos sociais tanto nos Concellos como nas Entidades Sociais, e mantén ese espírito a través da creación de espazos de reflexión conxunto para compartir experiencias e mellorar na prestación de servizos. A participación é un elemento consubstancial á Rede e á mellora continua, ademais de constituír a base para a co-responsabilidade dos membros da Rede e para o seu compromiso.
- **Proximidade.** O Plan de Acción ten como un dos seus alicerces fundamentais o achegamento tanto á realidade social de cada contexto de referencia como o achegamento ás persoas como xeito de fomentar a súa autonomía. A proximidade dos equipos ás persoas e a proximidade do apoio técnico ós equipos son elementos constituíntes do novo modelo de política de benestar e teñen no fomento do traballo relacional o seu máximo expoñente.
- **Liderado público.** O liderado público das políticas de benestar potencia e dálle forza ás iniciativas de coordinación e complementariedade coas entidades do terceiro sector. O liderado público é a garantía de que a cidadanía pode exercer os seus dereitos sociais con independencia das súas posibilidades ou localización territorial. O liderado público da rede de axentes que traballan nas políticas de benestar afianza as súas capacidades, multiplica o efecto das súas intervencións, posibilita a participación da cidadanía e garante a resposta ás necesidades sociais.
- **Intelixencia.** O Plan de Acción comprende no seu seo un importante abano de información sobre a realidade dos servizos prestados polos Concellos e polas entidades sociais no territorio. Estes datos, así como diferentes propostas especificamente deseñadas para mellorar a toma de información e a súa xestión para incrementar a coordinación local e o rendemento dos servizos, serán elementos básicos á hora de planificar o desenvolvemento das actuacións e xerar maior coñecemento sobre as intervencións. O coñecemento e a intelixencia nos servizos sociais son elementos sobre o que pivotará o desenvolvemento da Rede e a adaptación dos servizos á realidade social.

- **Diversidade.** A diversidade é o valor sobre o que se asenta tanto a especificidade comarcal das análises e das actuacións territoriais de proximidade contempladas no Plan de Acción, como o recoñecemento da complexidade social á que ten que dar resposta os servizos sociais locais. Esta crecente diversidade social comporta un esforzo por parte dos equipos técnicos á hora de adaptarse ás diferentes circunstancias e, polo tanto, a necesidade de maior apoio, maiores recursos e mellores ferramentas á hora de deseñar intervencións no territorio.

Ademais, e na liña mencionada de coherencia coa normativa de referencia, o Plan de Acción asume como propios os principios xerais presentes no Art. 4 da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia que son: (I) a universalidade; (II) a prevención; (III) a responsabilidade pública; (IV) a igualdade; (V) a equidade; (VI) a solidariedade; (VII) a atención integral e personalizada; (VIII) a autonomía persoal e vida independente; (IX) a participación; (X) a integración e normalización; (XI) a globalidade; (XII) a descentralización e proximidade; (XIII) a coordinación; (XIV) a economía, eficacia e eficiencia; (XV) a planificación; e (XVI) a avaliación e a calidade.



Estrutura da Galería

En base á experiencia no desenvolvemento do Plan de Acción de Servizos Sociais e co claro obxectivo de poñer en valor as experiencias e proxectos desenvolvidos polos equipos técnicos dos Concellos da provincia da Coruña, a Galería inclúe as denominadas prácticas significativas, é dicir, prácticas que sexan identificadas dende os profesionais do benestar e dos servizos sociais municipais como actividades con valor público, que teñan unha elevada consideración en termos de percepción, e que contén coa vontade de ser compartidas e poñer en común co resto de profesionais.

Estas experiencias son clasificadas atendendo ós factores de contexto que, na actualidade, están a incidir de xeito máis salientable no traballo dos equipos de benestar municipais e que foron definidos ó longo dos diferentes documentos do Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña. Estes factores son os seguintes: (I) o devalo demográfico, (II) o avellentamento e a soidade, (III) as múltiples exclusións, e (IV) os coidados.

A clasificación das experiencias analizadas en función dos devanditos factores responde non unicamente ó elevado impacto que estes teñen en relación á operatividade dos departamentos de benestar municipais, senón tamén á necesidade dos equipos técnicos de contar con novos coñecementos e metodoloxías nestes eidos. Neste sentido, a transferencia de información nun entorno profesional de elevada atomización, sobre todo cando esta información se relaciona con actividades deseñadas e implementadas en contextos semellantes, convértese nun elemento clave para a innovación e a xeración de respostas públicas perante as necesidades sociais.

Para facilitar esta información, as actuacións incluídas na presente Galería conteñen unha descrición da propia experiencia, así como os principais elementos que determinaron o seu deseño, e outro tipo de datos relacionados co perfil das persoas usuarias, número ou desenvolvemento da mesma. Ademais, é de importancia contar cos datos de contacto das persoas responsables da mesma, de cara a favorecer a transmisión directa dos detalles máis relevantes das experiencias co obxectivo dunha mellor adaptación final ó territorio.

Finalmente, entre os datos relacionados co contacto, inclúese un apartado relacionado coa posibilidade de acceder a documentación ou información pública relacionada coa experiencia que pode ser de apoio á hora de que os diferentes equipos de benestar valoren a adecuación da experiencia ó seu contexto de referencia.

A EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA.

A demografía no conxunto da provincia vén marcada, ó longo das últimas décadas, por dúas tendencias contrapostas que imposibilitan unha interpretación única da evolución poboacional. Así, como foi verificado ó longo do Plan de Acción, en tanto nas Comarcas urbanas se dá un incremento salientable da poboación impulsado pola dinámica dos núcleos urbanos dos Concellos que conforman a primeira coroa metropolitana, no resto do territorio a dinámica xeral é de devalo con diferentes intensidades, así como de estabilidade en casos como o da Comarca da Barbanza.

Con todo, a evolución negativa da poboación afecta con especial intensidade ós Concellos rurais e, dentro deles, ás parroquias e ós núcleos máis diseminados, determinando en diferentes ocasións a existencia de situacións de despoboamento e de difícil retorno en termos de recuperación da poboación.

Neste sentido, a complexidade do incremento das capacidades territoriais para a retención da súa propia poboación e para a atracción de nova poboación é un aspecto a ter en conta xa que, se ben dende o benestar se colabora na xeración de economías de proximidade a través de programas de elevada intensidade en termos de recursos humanos ou da presenza de equipamentos de benestar, estas economías de proximidade tamén son xeradas a través das políticas de promoción económica e emprego, por exemplo.

É dicir, o devalo demográfico é un factor de contexto que determina o traballo cotiá dos equipos de benestar, pero a resposta ó mesmo é integral a través da coordinación das diferentes políticas públicas en termos locais e multinivel, co obxectivo de contar con territorios atractivos.

Esta conexión das diferentes políticas públicas locais ten, para o caso das políticas de benestar, a dificultade engadida da actual tendencia á *hiperfocalización* dos departamentos de benestar na resposta reactiva ás situacións de demanda e tramitación de recursos, sobre todo nos Concellos de menor volume, de tal xeito que a amplitude e a variedade dos programas de benestar, e a superación da devandita *hiperfocalización* son elementos básicos na achega a realizar dende as políticas de benestar á conformación de territorios atractivos e á mellora da calidade de vida da cidadanía a través da innovación nos servizos e maior capacidade de resposta fronte ás necesidades sociais.

Dentro deste amplo perímetro de actuación, a continuación amósanse medidas que os Concellos, sobre todo os de menor volume están a implementar co obxectivo de, dende as diferentes políticas públicas locais, limitar o devalo demográfico.

EXPERIENCIAS

SANTISO EN PÉ

AS BOLSAS DE TRABAJO

Os Eco – COMEDORES

O HORTO INFANTIL ECOLÓXICO

Os LIBROS VIAXEIROS

A AMPLIACIÓN DOS SERVIZOS LOCAIS DE BENESTAR

SANTISO EN PÉ

O **Concello de Santiso**, que forma parte da Comarca de Terra de Melide, pon en marcha o programa Santiso en pé, composto por diferentes medidas que teñen a finalidade de reter e atraer á poboación, tendo en conta a evolución demográfica observada nos últimos 20 anos nos que perde case un 30% dos seus habitantes.

A través do **Santiso en Pé** preténdese mellorar a seguridade da vida nos núcleos rurais, achegar servizos de calidade á veciñanza, desenvolver os servizos de benestar, rexenerar os núcleos de poboación mediante as primeiras e segundas residencias, e recuperar o uso de vivendas, explotacións gandeiras e terreos de cultivo.

O Santiso en Pé contempla diferentes medidas de carácter comunitario, entre as que salientan o Concurso Aldeas Vivas, que premia as iniciativas veciñais relacionadas co mantemento e rexeneración de equipamentos e paraxes



Nace o concurso Aldeas Vivas!

Porque o esforzo e o traballo teñen que ter recompensa... nace Aldeas Vivas! Un concurso froito do empeño deste Concello por manter as parroquias cheas

públicas.

En relación coa promoción económica, establécese un Rexistro de Bens para que as persoas propietarias de casas, granxas e terreos infrutilizados do Concello anuncien de balde os seus bens, de tal xeito que se produza a intermediación con aquelas persoas interesadas tanto en residir no Concello, como en iniciar ou ampliar as súas explotacións. Ademais, atópase en activo un servizo de asesoramento para rendibilizar a propiedade de vivendas en desuso a través da súa conversión en vivendas de uso turístico ou vivendas turísticas, de tal xeito que se evite o deterioro das mesmas.

Finalmente, en termos de mellora do acceso á vivenda, o Santiso en Pé contempla medidas de apoio ó alugamento de vivendas, con axudas de entre o 40% e o 50% do total do alugueiro para determinados colectivos obxectivo.

Primeiro rexistro de bens da comarca

O programa Santiso en Pé, segue adiante coas iniciativas creadas para axudar a que este pequeno Concello se manteña con vida. Neste caso, poñemos en

SE PRECISAS COÑECER MÁIS...

Municipio: **Santiso**
Entidade responsable: **Concello de Santiso**
Enderezo: Agro do Chao S/N – Arcediago
Contacto: **981 818 501** e correo@santiso.gal
Web: <https://santiso.gal/santiso-en-pe/>

AS BOLSAS DE TRABAJO

O **Concello de Carballo**, tendo en conta a súa situación como centralidade comarcal, e as necesidades do seu tecido empresarial tanto radicado no núcleo urbano como no polígono de Bértoa, xestiona dende o 2012 unha **Bolsa de Traballo municipal** que ten como obxectivos, entre outros, a intermediación laboral entre a demanda de emprego e as ofertas, a dinamización da actividade económica, a recompilación de información para a elaboración de programas de desenvolvemento local, o deseño e elaboración de programas de formación e a inserción laboral das persoas participantes, ou a mellora dos contactos co sector empresarial.



A Bolsa de Traballo do Concello de Carballo ten como beneficiarios tanto ás persoas demandantes de emprego (en situación de desemprego ou que desexen mellorar a súa situación laboral), como ás empresas que oferten postos de traballo (tanto sexan estas persoas autónomas, empresas, entidades ou institucións que inicien procesos de selección de persoal).

A xestión da Bolsa de Traballo lévase a cabo a través do Servizo de Orientación Laboral do Concello, situado nas oficinas do Fórum Carballo e, segundo datos do ano 2019, contaba con máis de 2.000 persoas usuarias demandantes de emprego, facilitando a inserción de máis de 200 persoas nos diferentes procesos de selección de persoal.

Con respecto ó **Portal de Emprego** do **Concello de Sada**, esta é unha ferramenta TIC da axencia de emprego e desenvolvemento local do Concello, dirixida tanto ás empresas que oferten postos de traballo como ás persoas que se atopan en situación de procura do mesmo. Neste sentido, é relevante que o Portal inclúe unha base de datos de empresas situadas no Concello, facilitando o coñecemento do tecido empresarial, así como a listaxe de empresas que están a ofertar postos vacantes.



SE PRECISAS COÑECER MÁIS...

Municipio: **Carballo**
Entidade responsable: **Concello de Carballo – Servizo de Orientación Laboral**
Enderezo: Fórum Carballo – Praza dos Bombeiros Voluntarios, s/n
Contacto: **981 709 011 e bdt@carballo.org**
Web: http://www.carballo.org/formacioneemprego/bolsa_traballo.php?idioma=gl#ancla

Municipio: **Sada**
Entidade responsable: **AEDL do Concello de Sada**
Enderezo: Avda. da Mariña 25 . 3º
Contacto: **881 929 057/981 620 493 e aedl@sada.gal**
Web: <https://www.aedlsada.gal/>

OS ECO - COMEDORES

O **Proxecto Eco-Comedores** implementado dentro das accións da **Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo** ten múltiples obxectivos, entre os que



salientan aqueles relacionados coa nutrición saudable do alumnado que asiste ós comedores escolares, pero que tamén ten impacto en relación á dinamización da produción e distribución local de produtos alimentarios ecolóxicos e de calidade, o que comporta un efecto directo sobre os produtores locais.

Neste sentido, dentro das actividades da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, no curso 2014/2015 iníciase un traballo de estudo de demandas e requirimentos dos centros escolares que contan con servizo de cociña propio, paso previo para acomodar os ciclos da produción ás necesidades das cociñas escolares. No curso 2017/2018 participan 14 centros educativos chegando a 2.300 alumnos e

alumnas, subministrando produción para atender a esta demanda catro produtores ecolóxicos da Reserva da Biosfera.

Na actualidade estase a analizar a implantación deste Proxecto na Costa da Morte, co apoio do **GDR Costa da Morte**, e tendo en conta a experiencia do comedor do **CEIP Os Muíños de Muxía** relacionada coa oferta de produtos de tempada de produtores locais ó alumnado, que se inicia co **Proxecto Hortuxa** onde unha nutricionista asesoraba ó persoal do centro, ó alumnado e ás familias sobre hábitos alimentarios. O CEIP Os Muíños vén de ser recoñecido co selo **Slow Food - Comedor Escolar Km.0**, que recoñece o traballo cos pequenos produtores de proximidade, a trazabilidade, a calidade, a frescura e os prezos axeitados dos produtos utilizados.



SE PRECISAS COÑECER MÁIS...

Municipio: **Varios municipios**
Entidade impulsora: **Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos**
Enderezo: Antiga Cámara Agraria. San Marcos s/n - Abegondo
Contacto: **981 669 541 e info@marinasbetanzos.gal**
Web:
<http://marinasbetanzos.gal/es/plan-alimentario/consumo-ecoloxico-nos-centros-escolares/#>

Municipio: **Muxía**
Entidade responsable: **CEIP Os Muíños**
Enderezo: Os Muíños s/n – Moraime - Muxía
Contacto: **881 880 787 493 e ceip.osmuinhos@edu.xunta.es**
Web:
<http://quexantamoshoxe.blogspot.com/>
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiposmuinhos/>

Municipio: **Varios municipios**
Entidade impulsora: **GDR Costa da Morte**
Enderezo: Rúa Fonte dos Cabalos 1 - Vimianzo
Contacto: **981 717 358 e gdrkostadamorte@gdrkostadamorte.com**
Web:
<https://www.gdrkostadamorte.com/single-post/2019/11/08/REUNI%C3%93N-INFORMATIVA-NA-COSTA-DA-MORTE-SOBRE-O-PROXECTO-ECOCOMEDORES-1>

O HORTO INFANTIL ECOLÓXICO

O **Horto Infantil Ecolóxico** do **Concello de Carballo** actívase co obxectivo de fomentar entre os nenos e nenas o coñecemento sobre o medio natural, establecendo lazos afectivos coa contorna e aprendendo a non degradala. Para dar cumprimento a estas finalidades, o Concello crea, nun espazo municipal, unha zona de cultivo dotada de almacén, aula, invernadoiro e zona de compostaxe onde os nenos e nenas realizan actividades e obradoiros, algúns deles en colaboración coa entidade social APEM (Asociación Pro Enfermos Mentais), celebrando tamén actividades interxeneracionais coas persoas usuarias do Centro de Día da Praza de Vigo, do Concello de Carballo.

Esta iniciativa esténdese ós diferentes colexios do Concello a través do **Horto Viaxeiro**, versión itinerante do Horto Ecolóxico, onde cada centro adherido á iniciativa pon a disposición do proxecto un espazo que é adaptado e no que o propio alumnado do centro se achega ó medio natural a través das accións indicadas con anterioridade.

Finalmente, o alumnado participante nas accións poderá comercializar os produtos nos que traballaron a través da **Pequefeira**, realizada no lugar central do espazo público onde se localiza a feira de Carballo, destinando os recursos recadados ó mantemento das instalacións e a fins sociais.

Nos anos 2018 e 2019, participaron nestas iniciativas máis de 2.000 alumnos/as de oito centros educativos do Concello de Carballo.



SE PRECISAS COÑECER MÁIS...

Municipio: **Carballo**

Entidade responsable: **Concello de Carballo**

Enderezo: **Rúa Nardos s/n**

Contacto: **981 709 012** e hortoinfantilcarballo@gmail.com

Web: <http://www.carballo.org/promocioneconomica/horto.php?idioma=gl#ancla>

<https://www.facebook.com/hortoinfantilcarballo>

OS LIBROS VIAXEIROS

O Proxecto **Libros Viaxeiros** xorde da colaboración entre a **Oficina Municipal de Voluntariado do Concello de Padrón**, a **Asociación AMIPA** (Asociación de Pais e Nais de Persoas con Discapacidade Intelectual da Comarca do Sar), e os hostaleiros do núcleo urbano de Padrón, que pretende utilizar a lectura como instrumento para a integración social, especialmente das persoas con discapacidade intelectual.

Nesta experiencia, os establecementos hostaleiros acollen un número determinado de exemplares de obras literarias para o seu empréstito sen os controis habituais das bibliotecas, e son os espazos nos que se dan encontros e debates sobre as obras lidas. Neste sentido, é preciso mencionar que as obras escollidas son de *“lectura fácil”*, entendido isto como un método que permite que as persoas con dificultades lectoras se acheguen á lectura.

“Libros Viaxeiros”, a aposta pola lectura fácil nun proxecto de carácter comunitario

Así, a través do Libros Viaxeiros, foméntase a lectura, a democratización no acceso a obras para colectivos con especiais dificultades, as relacións comunitarias, técese redes co sector da hostalaría, e permítese a visibilización do traballo do voluntariado.

No ano 2019, colaboraron co Libros Viaxeiros un total de 5 establecementos hostaleiros de Padrón, retomando o proxecto no ano 2020 con novas incorporacións de establecementos.

SE PRECISAS COÑECER MÁIS...

Municipio: Padrón

Entidade responsable: Oficina Municipal de Voluntariado do Concello de Padrón

Enderezo: Praza Manuel Rodríguez Cobián - Padrón

Contacto: 981 817 025

Web: <https://padronsolidario.wordpress.com/>

A AMPLIACIÓN DOS SERVIZOS LOCAIS DE BENESTAR

Dentro da lóxica da ampliación dos servizos de benestar co obxectivo de mellorar a calidade de vida da cidadanía dos Concellos de menor poboación e conformar territorios atractivos, o **Departamento de Servizos Sociais do Concello de Dodro** procede, na última década, a realizar unha ampliación paulatina da súa **carteira de servizos, ben a través da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar**, ben a través do deseño e implementación de programas específicos innovadores.

Neste sentido, salienta a inclusión dentro da ordenanza municipal do SAF de servizos como a lavandería (servizo este tamén ofrecido no Concello de Muxía), o servizo de alimentación a domicilio, podoloxía e perruquería, fisioterapia ou actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

Os servizos integrados dentro do SAF son complementados a nivel xeral por programas propios como é o caso do **Amodiño**, relacionado co lecer das persoas coidadoras e dependentes e xurdido no 2012, ou o **Cóidate**, servizo de apoio psicolóxico para dar apoio, información e asesoramento ás persoas en situación de dependencia, predependencia e ás súas persoas coidadoras, que integra tamén actuacións de carácter grupal para o desafogo da tensión emocional e a mellora do autocoidado.

Ademais, o Concello de Dodro pon en marcha o **Programa Dodro escoita**, para atender á veciñanza maior que vive en soidade dende a óptica da prevención e a proactividade no contacto técnico coas persoas.



Estes programas de benestar vense reforzados por unha programación específica relacionada co fomento do voluntariado a través do **Colaboradodro** e, sobre todo, co programa **“O Cole arrasa”** premiado no ano 2017 pola FEMP e polo Ministerio de Educación na categoría de prevención do absentismo escolar nos Concellos menores de 20.000 habitantes.

“O Cole arrasa”, iniciado no ano 2012, contempla a realización de (I) obradoiros de escolaridade en primaria relacionados co reforzo educativo e coa introdución de técnicas de estudo, traballando de xeito transversal elementos como a igualdade ou a animación á lectura; (II) aulas de reforzo educativo e prevención das drogodependencias na ESO; (III) os “Mércres Creativos” onde se traballan técnicas de estudo a través de manualidades, xogos e diversión; (IV) o Ciclo de Cine Infantil de Educación en Valores onde, a través de diferentes películas, se tratan temáticas como a igualdade, a educación en valores, os hábitos de vida saudables ou a prevención de condutas aditivas; e (V) as axudas á escolaridade onde se inclúen, ademais do apoio ó pagamento de alimentos infantís, comedor escolar ou material escolar, as actividades extraescolares, o cal comporta o acceso das persoas beneficiarias ás actividades complementarias ás académicas para favorecer o desenvolvemento e a integración social.

A totalidade das actividades do Programa “O Cole arrasa” é de balde, salientando a consecución do obxectivo do absentismo escolar cero a partir da implantación do programa.

III Catálogo de Buenas Prácticas Municipales en la Prevención y Atención del Absentismo y del Acoso Escolar



SE PRECISAS COÑECER MÁIS...

Municipio: **Dodro**

Entidade responsable: **Departamento de Servizos Sociais do Concello de Dodro**

Enderezo: **Lugar Tallós**

Contacto: **981 802 466 e traballadorasocial@concellodedodro.org**

Web: **<http://www.dodro.gal/premio-femp-e-ministerio-educacion-2.017>**

Máis información: **[http://recs.es/wp-](http://recs.es/wp-content/uploads/2018/08/IIICatalogoBuenasPracticasPrevencionAtencionAbsentismoAcosoEscolar.pdf)**

[content/uploads/2018/08/IIICatalogoBuenasPracticasPrevencionAtencionAbsentismoAcosoEscolar.pdf](http://recs.es/wp-content/uploads/2018/08/IIICatalogoBuenasPracticasPrevencionAtencionAbsentismoAcosoEscolar.pdf)

O AVELLAMENTO E A SOIDADE.

Os datos amosados ó longo da diagnose verifican a coexistencia no territorio da provincia de dinámicas demográficas contrapostas cuxo efecto se expande ó nivel local, de tal xeito que incluso nos Concellos de maior dinamismo demográfico se atopan exemplos de parroquias de elevado nivel de avellamento, na liña do recollido en relación ás Comarcas máis rurais, onde este fenómeno pode ser considerado como estrutural.

Se ben no anterior apartado se aludía ó devalo demográfico xeneralizado nos Concellos rurais da provincia, este devalo atópase intimamente vencellado ó proceso de avellamento e ó importante afondamento no mesmo a medio prazo, elemento este que está a marcar o deseño dos servizos de benestar, sobre todo nos Concellos de menos de 20.000 habitantes.

De xeito paralelo ó avellamento, e complementario ó mesmo, estase a verificar a emerxencia do fenómeno da soidade que, sobre todo nas persoas maiores que viven nos núcleos rurais máis afastados (pero non unicamente) tamén se vencella ó devalo demográfico, aínda que a soidade tamén afecta ós núcleos urbanos e a colectivos que van alén das devanditas persoas maiores.

Esta emerxencia dos fenómenos conxuntos do avellamento e da soidade, sobre todo en contornas rurais, que na actualidade se está a traballar de xeito reactivo a través de servizos como pode ser o SAF ou a teleasistencia, debe ser respondida tamén a través doutra serie de iniciativas de carácter proactivo e comunitario que tendan á mellora da autonomía individual e relacional das persoas, debendo salientar a necesidade de deseñar programas específicos relacionados coa soidade.

Ó mesmo tempo, é preciso acometer unha actualización dos programas destinados ás persoas maiores que deben ser adaptados á evolución do perfil das devanditas persoas maiores, introducindo elementos relacionados coa dinamización cultural, co deporte, cos novas tecnoloxías e, sobre todo, introducindo a óptica interxeneracional de elevado impacto e multifuncionalidade. Así, na liña do mencionado con anterioridade sobre a necesidade de ampliar a oferta de programas de benestar de cara á conformación de territorios atractivos, é preciso prestar especial atención ó colectivo das persoas maiores superando os enfoques reactivos e asistenciais e camiñando cara o deseño de programas comunitarios de mellora da autonomía e da capacidade relacional das persoas.

Neste sentido, esta situación de soidade e limitación das capacidades relacionais tamén afecta de xeito especial ás persoas cuidadoras de dependentes, de tal xeito que é preciso avanzar non só no deseño de accións específicas para este colectivo, senón tamén na súa integración nas accións máis globais implementadas polos Concellos e polas entidades sociais, se ben cunha especial atención ás súas necesidades.

A continuación amósanse diferentes experiencias levadas a cabo nos Concellos da provincia de elevado interese para a súa transferencia relacionadas tanto co eido de actuación como co enfoque mencionado.

EXPERIENCIAS

O TRABALLO FRONTE Á SOIDADE

OS PROGRAMAS MUNICIPAIS DE VOLUNTARIADO

FÁLAME DE SAN SADURNIÑO

AS ACTIVIDADES INTERXERACIONAIS

SERVIZO DE ATENCIÓN ÁS DIFICULTARDES DE MEMORIA

O PROXECTO REDMAY

COIDANDO ÁS PERSOAS COIDADORAS

O TRANSPORTE PÚBLICO LOCAL

O TRABALLO FRONTE Á SOIDADE

O **Proxecto Redeiras** é a iniciativa do **Concello da Coruña** no traballo contra a soidade das persoas maiores na cidade, contorna urbanizada de elevada densidade, a través da colaboración de redes de axentes locais de proximidade, como poden ser por exemplo o comercio de proximidade ou as farmacias de barrio, así como as comunidades veciñais.

A conformación desta rede de axentes é o elemento central para a detección de situacións de soidade e illamento non desexado nas persoas maiores. A través desta rede, trasladarase información ós servizos sociais municipais, que valorarán as diferentes opcións de intervención de xeito individual, así como as ferramentas a utilizar para a mellora da situación das persoas e a recuperación das súas relacións sociais a través do reforzo da comunidade.

A finais do 2019, o Proxecto Redeiras contaba coa adhesión de máis de 50 entidades e locais da cidade, entre os que salientan a rede de farmacias a través do Colexio Oficial de Farmacéuticos da Coruña, así como diferentes establecementos comerciais de proximidade e entidades asociativas.



Pola súa banda, o **Dodro escoita** é o programa de detección e loita contra a soidade deseñado e implementado no **Concello de Dodro**, de carácter rural e elevada dispersión. Este programa iníciase de xeito proactivo polos equipos técnicos do Concello que, a través da utilización do Padrón Municipal, procede a chamar telefonicamente a tódalas persoas de máis de 65 anos que vivan soas ás que se lles pregunta pola súa situación, necesidades, e vontade de participar no programa.

En función da resposta, e da valoración técnica do equipo de benestar municipal, iníciase o seguimento individualizado de cada caso e a recompilación de incidencias, para proceder ó estudo de cada un dos casos e a proposta de medidas específicas.

SE PRECISAS COÑECER MÁIS...

Municipio: A Coruña
Entidade responsable: Departamento de Servizos Sociais do Concello da Coruña
Enderezo: Avda. Fernández Latorre 64.66, entreplanta
Contacto: 981 184 37
Web: <https://www.coruna.gal/servizossociais/gl>

Municipio: Dodro
Entidade responsable: Departamento de Servizos Sociais do Concello de Dodro
Enderezo Lugar Tallós
Contacto: 981 802 466 e traballadorasocial@concellodedodro.org
Web: <http://www.dodro.gal/>
<https://www.facebook.com/concellodedodro/>

OS PROGRAMAS MUNICIPAIS DE VOLUNTARIADO

A **Oficina Municipal de Voluntariado** forma parte dos servizos sociais comunitarios do **Concello de Padrón**, e conta con máis de 20 anos de experiencia de xestión de proxectos de voluntariado centrados na mellora da calidade de vida da veciñanza de Padrón.

Con orixe na Rede de Voluntariado Local como proxecto piloto promovido pola Fundación Paideia Galiza, conxuntamente coa Xunta de Galicia e coa Deputación da Coruña, que estableceu unha metodoloxía de traballo en rede entre diferentes Concellos das Comarcas da provincia para a xeración de iniciativas privadas de voluntariado no eido rural ou semi-urbano, o Concello de Padrón decide a continuidade deste proxecto piloto no ano 2001.

Así, unha vez creada a Oficina Municipal, o modelo de fomento do voluntariado evoluciona dende o asistencialismo social cara o voluntariado plural e moderno, de tal xeito que os grupos de voluntariado local creados traballan de xeito asambleario e autónomo, contando co apoio da Oficina que ten un rol facilitador e intermediador. Neste sentido, a Oficina non só promove proxectos propios, senón que fomenta e apoia proxectos xurdidos da comunidade, asumindo no 2017 un total de 12 proxectos e 5 accións formativas a través de 42 persoas voluntarias que chegan a máis de 7.300 persoas beneficiarias.

Oficina Municipal de Voluntariado de Padrón

Forma parte dos servizos sociais comunitarios de Padrón e é unha referencia polos máis de 20 anos dedicados á xestión das persoas voluntarias e á organización de actividades que melloran a calidade de vida dos/as veciños e veciñas de Padrón. Faite voluntaria/o, non te arrepentirás!

De entre os proxectos máis salientables levados a cabo pola Oficina, e tendo en conta o xa mencionado do Proxecto **Libros Viaxeiros**, é preciso prestar atención á **Aula de Apoio Extraescolar** e ó **Proxecto de Sensibilización e Promoción da Cultura da Solidariedade** nos Centros Educativos e de Ensino Secundario.

Con respecto á **Aula de Apoio Extraescolar**, trátase dunha evolución do apoio individualizado ós e ás menores que se fai a través do Programa de Educación Familiar, que se atopa en activo dende o ano 2.000 xeralmente nas tardes dos mércores e dos venres. O grupo de persoas voluntarias traballa coa Educadora Familiar apoiándoa en diferentes actividades relacionadas co perfil do voluntariado, multiplicando así o efecto do Programa de Educación Familiar, a través de actividades relacionadas coa cultura (Viaxes coa imaxinación a China ou a Alemaña, por exemplo), a través de actividades relacionadas coas TIC, ou co coñecemento de idiomas.

Estas actividades da Aula complétanse coa realización de eventos de lecer como poden ser festas periódicas, xogos, contacontos, roteiros ou saídas ó cine,

complementando así o equilibrio entre a resposta ás necesidades de aprendizaxe e as de socialización presentes nun colectivo obxectivo caracterizado polo seu baixo rendemento académico e limitación nos recursos económicos e na formación previa das familias.

A Aula conta cun promedio de 25 participantes e o voluntariado rolda entre as 2 e as 5 persoas voluntarias, salientando a excelente valoración por parte de familias e menores, así como os bos resultados en termos de integración, de socialización e académicos. No curso 2018/2019 a Aula foi profesionalizada, pero séguese a contar coa presenza de persoas voluntarias de apoio á Educadora.

Con respecto ó **Proxecto de Sensibilización e Promoción da Cultura da Solidariedade** nos Centros Educativos, nos anos 2017 e 2018 desenvóléronse accións nos IES do Concello. Focalizando a atención nas actividades desenvolvidas no IES Camilo José Cela, estas chegaron a un total de 166 participantes a través de dun Obradoiro de habilidades sociais, deseñado en función das necesidades detectadas e das demandas realizadas polo Departamento de Orientación do Centro, e a través dun proxecto de intervención centrado no cine como instrumento educativo.

Os obxectivos do Proxecto centráronse, entre outros, no impulso da cultura da solidariedade, no desenvolvemento de habilidades comunicativas e sociais, na mellora do compromiso social, no fomento da participación, no incremento do coñecemento sobre os factores que provocan pobreza e desigualdade, ou na igualdade de xénero. Ademais, trabállase co alumnado para a adquisición de competencias de autonomía e iniciativa persoal, así como de competencia social e cidadá.

O rol do voluntariado é notable, tanto no apoio ás intervencións nas aulas (con asistencia de persoas voluntarias en parellas) como a nivel de apoio ás programacións e avaliacións realizadas pola profesional de referencia do equipo. A presenza de persoas voluntarias neste programa rolda entre as 2 e as 6, contando tamén coa implicación de entidades sociais.

Ademais de Padrón, tamén se debe salientar o caso do **Proxecto de Voluntariado Municipal do Concello de Bergondo** que na actualidade apoia no desenvolvemento de acción socioeducativas organizadas dende o departamento de benestar municipal, traballa en facilitar espazos e actividades de relación e integración para o desenvolvemento e adquisición de hábitos saudables, apoia no acompañamento no fogar, e apoia na sensibilización social comunitaria a través da realización de actos, cursos, seminarios ou conferencias sobre diferentes preocupacións sociais.

Finalmente, tamén en relación ó voluntariado, é preciso sinalar a experiencia do **Concello de Arzúa** que, a través do voluntariado, vencellaba a parte do colectivo de persoas beneficiarias da RISGA coas persoas maiores en situación de soidade. Este programa, limitado tanto no seu volume como na súa actividade, non se atopa en activo na actualidade.

SE PRECISAS COÑECER MÁIS...

Municipio: Padrón
Entidade responsable: Oficina Municipal de Voluntariado do Concello de Padrón
Enderezo: Praza Manuel Rodríguez Cobián - Padrón
Contacto: 981 817 025
Web: <https://padronsolidario.wordpress.com/>

Municipio: Bergondo
Entidade responsable: Departamento de Servizos Sociais do Concello de Bergondo
Enderezo: Estrada da Coruña 12
Contacto: 981 791 252 (ext. 3) e voluntariadobergondo@gmail.com
Web: <https://voluntariado-bergondo4.webnode.es/>

FÁLAME DE SAN SADURNIÑO

En relación á evolución no perfil das persoas maiores que debe supoñer unha actualización das actividades relacionadas coa cultura ou co lecer das entidades locais das que, en boa medida, son usuarias as devanditas persoas maiores, é preciso contemplar o [Proxecto Fálame de San Sadurniño](#) como exemplo deste proceso de actualización.

O Fálame de San Sadurniño nace a raíz das actividades da aula CeMIT municipal do [Concello de San Sadurniño](#) onde, no ano 2013 e co gallo do Día das Letras e do Día de Internet, se realizaron actividades onde as persoas participantes dixitalizaban fotografías e gravaban un arquivo de audio explicativo para penduraren na web www.falamedesansadurnino.org, logrando así vencellar as vivencias individuais.

Na actualidade non só se pretende a dixitalización de contidos, senón a gravación de vídeos, imaxes e sons que falen de San Sadurniño, de tal xeito que se acade a conformación dun espazo vivo e integral da memoria cotiá das xentes e entidades do Concello. Ademais, o Fálame de San Sadurniño complementase co [Tempos para Compartir](#), onde se busca poñer en valor o tempo e saber e compartir os coñecementos das persoas, aprendendo en conxunto a facer sidra, a facer cestos de vimbio, facer marmelo, xabón, queixo, bombóns...

Neste sentido, tamén é salientable, dentro do Fálame de San Sadurniño, o proxecto [Teño unha Horta en San Sadurniño](#) que, a partir do 2015, difunde e comparte o coñecemento e a experiencia das mulleres en relación ás tarefas agrarias a través de videotutoriais nunha canle

propia en Youtube. Ademais, dentro do conxunto de accións tamén se integra o [Chanfaina Lab](#), encontro anual de cineastas galegos que gravan filmes de entre 3 e 5 minutos en San Sadurniño sobre diferentes temáticas dende o ano 2014.

Ó longo destes anos, un total de 300 persoas e entidades colaboraron co Fálame de San Sadurniño para contar con máis dun milleiro de historias na súa páxina web, establecendo tamén contactos con entidades como o Arquivo do Reino de Galicia, a CRTVG, a Biblioteca de Galicia, Pórtico Audiovisual ou Filmmax Galicia, entre outras.

O Proxecto Fálame de San Sadurniño foi premiado á mellor iniciativa do 2015 do proxecto europeo ACTing-Axentes Sociais Promotores da Idade activa a través das TIC, seleccionado para o Banco de Boas Prácticas de xestión cultural da Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural no 2017, e Premio Rodolfo Prada á xestión cultural no 2018 pola Deputación de Ourense. Ademais, o Teño unha Horta en San Sadurniño foi premiado no 2017 como mellor webserie VO en galego no Carballo Interplay, Premio Fundación Domusvi no 2017, e Premio Youtubeir@s 2017 ó mellor video-opinarnos.



SE PRECISAS COÑECER MÁIS...

Municipio: San Sadurniño

Entidade responsable: Aula da Rede CeMIT do Concello de San Sadurniño

Enderezo: Avda. Marqués de Figueroa 13

Contacto: 616 016 793 – cemit@sansadurnino.gal

Web: <http://www.falamedesansadurnino.org/>

AS ACTIVIDADES INTERXERACIONAIS

Na actualidade unha das actividades de maior efecto sobre as persoas maiores son as de carácter interxeneracional, levadas a cabo tanto a nivel asociativo como en relación cos centros educativos, nas que unha parte importante se vencella coa recuperación da memoria (hábitos culturais, costumes, oficios...) e outra parte se vencella coa súa transmisión ás xeracións máis novas.



Un bo exemplo destas actividades son as levadas a cabo no **Concello de O Pino**, onde a raíz dos obradoiros de memoria recompílanse e xérase un importante material bibliográfico que é editado. Así, salientan as edicións de “Avós na memoria, netos na historia” (2007 e 2008) onde as persoas maiores comparten experiencias co alumnado do CPI Camiño de Santiago de 1º a 4º da ESO; “O Pino, retratos de onte e hoxe” (2009 e posteriores), onde se continúa coa liña iniciada na anterior obra a través da publicación de fotografías e historias de diferentes décadas; “Cantares das avoas” (2008) ou de “Lembranzas de cociña e de botica” (2009), sendo estas dúas últimas

representativas da recompilación etnográfica relacionada cos cantares e coas receitas e remedios caseiros tradicionais.

Esta liña tamén é seguida polo “Construíndo Pontes” do **Concello de Fene**, deseñado como un espazo de recuperación da memoria e da historia do Concello que, en diferentes edicións anuais, trata un tema específico de xeito anual (o impacto da industria-2013-, a chegada da electricidade – 2016-, as lembranzas da infancia – 2014 -...) para dalo a coñecer nos centros educativos ó alumnado de 1º e 2º da ESO a través de encontros interxeneracionais enmarcados na “Escola de Avós”.



Con intensidades diferentes, tamén é posible observar experiencias interxeneracionais noutros Concellos onde estas experiencias se vencellan con diferentes eidos, como pode ser o caso do **Concello de Aranga** no que as persoas maiores apréndenlles ós máis pequenos dos centros educativos a enxertar; en **Oza-Cesuras**, onde se realizaron experiencias entre avós e netos relacionadas coa recollida e transmisión de lendas e contos; en **Coirós**, onde a metodoloxía pedagóxica das escolas rurais unitarias comporta un elevado fincapé na integración comunitaria e na transmisión interxeneracional de coñecemento cultural; ou en **Cabanas**, onde a raíz dos obradoiros de memoria se xera o programa “Memoria dun Século”.

Ademais, tamén salienta a experiencia do **Concello de Vilasantar** que, a través da **Escola de Agricultura Ecolóxica** xestionada pola Asociación Raíña Paraíso, xunta persoas maiores con nenos e nenas para transmitir a cultura, o patrimonio inmaterial xeral e o coñecemento do medio, dos muíños ou dos ríos.

Como se pode observar, estas iniciativas tamén se relacionan coas entidades sociais, salientando neste aspecto o **Programa Falamos da Escola de Afundación**, onde 51 persoas maiores voluntarias narraron as súas experiencias escolares a máis de 350 alumnos/as de diferentes centros educativos galegos no curso 2018/2019, debendo mencionar que a iniciativa nace do IES Francisco Aguiar de Betanzos, onde se realiza a primeira experiencia piloto.

Falamos de escola O valor da experiencia Guía dos encontros interxeneracionais

afundacion.org

Na mesma liña están os programas que desenvolve **AFACO –Asociación Familiares Enfermos Alzheimer A Coruña**, **Unha viaxe no tempo**, no que poñen en contacto dos grupos de idade moi diferenciados: maiores con Alzheimer ou outras demencias, usuarios da Asociación, e menores de 0 a 3 anos e no que a través de actividades se viaxa por distintas etapas da historia, ou **Camiño pola memoria**, no que mediante actividades relacionadas co Camiño de Santiago se pon en contacto a usuarios de AFACO con menores de 0 a 3 anos.

SE PRECISAS COÑECER MÁIS...

Municipio: O Pino
Entidade responsable: Departamento de Servizos Sociais do Concello do Pino
Enderezo: Rúa do Concello s/n
Contacto: 981 511 002 e servizos.sociais@opino.gal
Web: <https://opino.gal/>

Municipio: Fene
Entidade responsable: Departamento de Servizos Sociais do Concello de Fene
Enderezo: Avda. do Mar, Bloque I, Baixo – San Valentín
Contacto: 981 342 607 e servizos.sociais@fene.gal
Web: <http://www.fenecidadan.net/portal-cidadan/index/gl>


Municipio: Varios
Entidade responsable: Afundación – Obra social ABANCA
Web: <https://www.afundacion.org/ga/envejecimiento/experiencia-hablamos-de-la-escuela>

Municipio: Varios
Entidade responsable: AFACO – Asociación Familiares Enfermos Alzheimer Coruña
Enderezo: Parque San Diego s/n – Centro Cívico – Baxo - A Coruña

Contacto: Teléfono 981 205 858 e contacto@afaco.es
Web: <https://afaco.es/index.php>

SERVIZO DE ATENCIÓN ÁS DIFICULTADES DE MEMORIA

O **Concello de Boimorto**, mediante a colaboración coa **Consellería de Política Social** e coa **Universidade de Santiago de Compostela**, pon en funcionamento a finais do 2017 o **Servizo de Atención ás Dificultades da Memoria**, dirixido tanto ás persoas



Este servizo ten o obxectivo de previr, detectar e realizar intervencións temperás nas persoas con dificultades de memoria a través de diferentes actividades de estimulación cognitivas individuais e grupais, levándose a cabo tamén palestras e conferencias sobre envellecemento activo, así como orientacións individuais e grupais ás persoas cuidadoras e familiares de persoas con dificultades de autonomía. Dentro do Servizo atópase contemplada a realización de avaliacións neuropsicolóxicas completas a aquelas persoas con dificultades de memoria.

Ó Servizo, de balde para a totalidade da veciñanza maior de 60 anos da Comarca, accédese ben a través da derivación dos centros de saúde de atención primaria, ben directamente a través do departamento de servizos sociais do Concello de Boimorto.

O equipo do Servizo está composto por dúas psicólogas da Universidade de Santiago de Compostela ás que lle prestan apoio o equipo propio do departamento de servizos sociais do Concello de Boimorto.

Un dos elementos máis salientables do éxito do Servizo atópase na difusión da información sobre a súa existencia, non tanto a través de presentacións oficiais ou canles institucionalizadas, senón a través de métodos máis individualizados e capilarizados como pode ser a recomendación da atención primaria en saúde a través de equipos médicos e de enfermaría, a través das auxiliares do SAF, ou a través da información boca-orella xerada polo propio departamento de benestar do Concello.

No mesmo sentido, a **Asociación de Familiares de enfermos de Alzheimer de Fisterra e Soneira (AFAFES)** ten asinados convenios cos concellos de **Fisterra** e **Vimianzo** para o desenvolvemento de programas de mellora da situación das familias e unha mellor atención ós/ás enfermos/as de Alzheimer e outras demencias, nos que se desenvolven actividades de estimulación cognitiva e emocional.

SE PRECISAS COÑECER MÁIS...

Municipio: Boimorto
Entidade responsable: Departamento de Servizos Sociais do Concello de Boimorto
Enderezo: Rúa Vilanova 1
Contacto: 647 344 367
Web: <https://concellodeboimorto.es/gl/#>

Municipio: Varios
Entidade responsable: Asociación de Familiares de enfermos de Alzhéimes de Fisterra e Soneira (AFAFES)
Enderezo: Rúa Magdalena 38 - Cee
Contacto: 681 396 204/ 645 401 206 e afafes@outlook.es
Web: <https://www.afafes.es/>

O PROXECTO REDMAY

O RedMay (Rede de apoio e mantemento comunitario de persoas maiores na contorna rural mediante a tecnoloxía e a innovación) é un proxecto no que son socios a **Xunta de Galicia**, a través da **Consellería de Política Social, o Concello de Braga**, e a **Universidade de Vigo**; que pretende contribuír a un avellentamento saudable e ó mantemento da vida independente das persoas maiores, compartindo recursos e fornecendo os seus fogares das condicións precisas para desenvolver unha vida plena, así como garantindo a prestación de servizos sociais e asistenciais para permanecer no fogar o maior tempo posible.



O proxecto ten diferentes liñas de actuación, entre as que salientan a (I) creación de contornas amigables para fomentar a permanencia das persoas maiores nos seus fogares a través da

definición de liñas e experiencias piloto en materia de habitabilidade e adaptación de estruturas e servizos nas casas; (II) a implantación do fogar dixital para facilitar a vida autónoma a través do desenvolvemento e implantación de dispositivos de monitoreo e a promoción da seguridade pasiva (detección de fumes, asolagamentos, inactividade...) e o seu seguimento mediante un centro de atención remoto; e (III) a creación de unidades móbiles de servizos sociais que prestarán ás persoas maiores do medio rural servizos de oftalmoloxía e podoloxía, así como de detección e prevención do Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas.

Como se pode observar, o proxecto combina a investigación e desenvolvemento de experiencias piloto no eido tecnolóxico coa dotación de equipamentos itinerantes de prestación directa de servizos ás persoas maiores do eido rural. Esta segunda parte relacionada cos servizos itinerantes foi retomada pola **Consellería de Política Social** a través do proxecto “Coidados Porta a Porta”, licitado no ano 2020, ampliando o abano das 4 unidades móbiles a 200 Concellos galegos, aínda que sen establecer servizos estables e continuos no territorio a nivel local ou comarcal.

SE PRECISAS COÑECER MÁIS...

Municipio: Varios

Entidade responsable: Consellería de Política Social – Xunta de Galicia

Contacto: 981 544 640 - autonomiapersoal.sxps@xunta.gal

Web: <https://redmay.eu/gl/>

COIDANDO ÁS PERSOAS COIDADORAS

O programa CoidarNos de apoio ás persoas coidadoras nace da colaboración entre o departamento de benestar do Concello do Boqueixón e o Centro de Información á Muller en relación a un mesmo perfil de usuaria dos servizos prestados por ámbolos dous departamentos. Neste caso, dende o departamento de benestar era prestado o Servizo de Axuda no Fogar (ben na modalidade de dependencia, ben de libre concorrência), en tanto que dende o CIM era prestado o apoio psicolóxico individualizado. Esta situación provoca a verificación da necesidade que teñen as persoas coidadoras de recibir apoio psicolóxico alén das accións individualizadas, de tal xeito que se opta polo deseño de accións grupais a partir do ano 2016.



O CoidarNos nace para crear espazos nos que as persoas coidadoras compartan experiencias comúns e cotiás sobre as tarefas de atención ós seus familiares, xerando novos vencellos e retomando as relacións sociais perdidas a raíz do illamento ó que as coidadora se enfrontan. Estas relacións foméntanse a través non só das actividades nas que se comparten problemáticas e situacións individuais relacionadas cos coidados, senón que tamén se fomentan a través da expresión de emocións e de actividades relacionadas co lecer.

As sesións son mensuais, cunha asistencia de entre 8 e 10 persoas, e constrúense a demanda das persoas participantes, se ben o centro das mesmas é a xestión das emocións, e en

función da climatoloxía, é posible realizar as devanditas sesións en espazos naturais.

Para a xestión do CoidarNos é preciso salientar a necesidade de contar co apoio do Servizo de Axuda no Fogar para cubrir a asistencia das persoas coidadoras ás sesións, de tal xeito un dos elementos a ter en conta na planificación do SAF é a resposta ás necesidades do CoidarNos. Ademais, tamén se debe salientar a colaboración co Centro de Saúde para a celebración de sesións onde se trata de temas relacionados coa saúde ou coa alimentación saudable.

O CoidarNos foi obxecto de numerosos recoñecementos, entre os cales se atopa o premio á mellor iniciativa de boas prácticas dos Premios do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia do 2018, ou a súa elección para a presentación na IV Conferencia Nacional del Paciente Activo celebrada en Oviedo no 2017.



Un programa semellante é o **Cóida-te-me** de apoio ás persoas coidadoras, integrado dentro das actividades da **Escola de Benestar** do **Concello de Narón** e posto en funcionamento dende finais do 2019, onde se realizan obradoiros de traballo de habilidades básicas e reforzo psicolóxico para coidadoras non profesionais de persoas dependentes incluíndo

pautas e técnicas para axudar a superar as cargas emocionais propias das tarefas de coidado.

SE PRECISAS COÑECER MÁIS...

Municipio: **Boqueixón**
Entidade responsable: **Departamento de Servizos Sociais do Concello de Boqueixón**
Enderezo: Forte s/n
Contacto: 981 513 106 e ana.anta@boqueixon.es
Web: <https://www.boqueixon.com/2016/05/12/coidarnos-programa-de-apoio-a-persoas-coidadoras/>

Municipio: **Narón**
Entidade responsable: **Servizo Sociocomunitario Municipal do Concello de Narón**
Enderezo: **Praza de Galicia s/n**
Contacto: 981 337 700 (extensións 1115, 1108, 1109)
Web: <http://igualdade.naron.es/es/actualidad/archivo/2019/09/nuevos-programas-de-la-escola-de-benestar>

O TRANSPORTE PÚBLICO LOCAL

Na actualidade, o contexto da Galicia rural atópase determinado pola presenza dos fenómenos complementarios do avellentamento e do devalo demográfico, elementos estes que, conxuntamente coa elevada dispersión dos núcleos de poboación e coa limitación dos sistemas de transporte público, supoñen a emerxencia da soidade non buscada como consecuencia, entre outros factores, das escasas posibilidades de mobilidade coas que contan as persoas maiores que residen nas parroquias ou en núcleos rurais dispersos afastados das centralidades locais ou comarcais.

Perante esta situación, diferentes Concellos veñen traballando no deseño e posta en funcionamento de alternativas de transporte público de intensidade e alcance variado, pero que teñen en común a incidencia dende o eido local no problema público que supón a mobilidade no rural.

Neste sentido, dende a óptica do deseño e posta en funcionamento de sistemas completos de transporte público local, son salientables as experiencias dos **Concellos de Arteixo e de Teo**. Así, o **Concello de Teo** diseña e pon en funcionamento o **TeoBús** no ano 2017 con dúas liñas en funcionamento de luns a venres que comunican os núcleos e as parroquias coas diferentes centralidades municipais (centro de saúde, casa do Concello, piscina...) e con nós de comunicación para transbordar con outros sistemas de mobilidade. O custo do TeoBús estímase en 136.000€ anuais.



No relativo ó **Concello de Arteixo**, o sistema de transporte público local consta de 6 liñas que unen as diferentes parroquias co núcleo urbano de Arteixo, unha liña específica para as praias de posta en marcha no período estival, e outra liña de carácter circular. O sistema inicia a súa actividade en xaneiro do 2019 e no mes de maio amplíase ás liñas de carácter rural, contabilizándose ó longo do 2019 máis de 44.000 persoas usuarias, estimándose un custo anual superior ós 480.000€ e unha recadación de case 225.000€. Neste sentido, é preciso facer fincapé nos

traballos previos de participación, co-deseño de roteiros e horarios e difusión a tódolos niveis para dar a coñecer o servizo e fomentar o seu uso.

No caso do **Concello de Paderne**, o sistema de transporte público local conta con roteiros diferenciados por parroquias e días alternos, sendo deseñados os seus horarios para facilitarlle á poboación acudir ó Centro de Saúde, e contando, de balde, con entre 10 e 12 persoas usuarias por traxecto. Un par de exemplos semellantes son os de **Arzúa**, que conta cun autobús que percorre os mércores e venres pola mañá as diferentes parroquias trasladando á poboación ó núcleo urbano para, dúas horas despois facer a viaxe de volta; e Irixoa, onde o modelo está considerado de elevada valoración e rendemento tanto en termos de mobilidade como de socialización das persoas maiores.

HORARIO DE AUTOBUSES CONCELLO DE PADERNE

HORA	LUNS	VIERNES	MERCORES	NOVIEN	VIERNES
9:20	Ó Centro de Saúde para a saída Vigo - Vilamontes - Arzapazo - Quintas	Ó Centro de Saúde para a saída Vigo - Vilamontes - Arzapazo - Quintas	Ó Centro de Saúde para a saída Vigo - Vilamontes - Arzapazo - Quintas	Ó Centro de Saúde para a saída Vigo - Vilamontes - Arzapazo - Quintas	Ó Centro de Saúde para a saída Vigo - Vilamontes - Arzapazo - Quintas
8:55	Traxectoria Escolar: Concello - Escola de Artes	Traxectoria Escolar: Concello - Escola de Artes	Traxectoria Escolar: Concello - Escola de Artes	Traxectoria Escolar: Concello - Escola de Artes	Traxectoria Escolar: Concello - Escola de Artes
10:00	Ó Centro de Saúde: Vigo - Vilamontes - Quintas - Chantada - San - Barrio - Cande - Carballo - Chantada - Paderne	Ó Centro de Saúde: Vigo - Vilamontes - Quintas - Chantada - San - Barrio - Cande - Carballo - Chantada - Paderne	Ó Centro de Saúde: Vigo - Vilamontes - Quintas - Chantada - San - Barrio - Cande - Carballo - Chantada - Paderne	Ó Centro de Saúde: Vigo - Vilamontes - Quintas - Chantada - San - Barrio - Cande - Carballo - Chantada - Paderne	Ó Centro de Saúde: Vigo - Vilamontes - Quintas - Chantada - San - Barrio - Cande - Carballo - Chantada - Paderne
10:15	Traxectoria Escolar: Concello - Escola de Artes	Traxectoria Escolar: Concello - Escola de Artes	Traxectoria Escolar: Concello - Escola de Artes	Traxectoria Escolar: Concello - Escola de Artes	Traxectoria Escolar: Concello - Escola de Artes

O **Concello de O Pino** contou cun salientable sistema de transporte público local con dúas liñas que, a raíz da súa baixa demanda, foi recortado a unha liña que opera os martes, e cuxa finalidade é percorrer os núcleos rurais non comunicados polo transporte xeral a trasladar ás persoas usuarias ó núcleo urbano do Concello.

Na Comarca da Barbanza, os Concellos de Ribeira e de Rianxo contan con sistemas de transporte público local que, no caso de **Rianxo** se plasma diariamente en varias rutas de ida e volta en xornada de mañá, aínda que non chega a tódalas parroquias. No caso de **Ribeira**, o Concello formaliza convenios con varias empresas de transporte para dar pé ó **Programa de Transporte Público Ribeira Move**, dentro do que se inclúen medidas de redución do custe para colectivos como o escolar.

Con diferentes intensidades e focalizándose no colectivo das persoas maiores, outros Concellos



de menor volume de poboación cós mencionados, tamén están a poñer en funcionamento alternativas de mobilidade.

Este é o caso do **Concello de Boimorto**, que pon a disposición das persoas maiores dende hai 8 anos un autobús que os recolle polos diferentes núcleos o os traslada ó Centro Social e que, diariamente, está a dar servizo de balde a entre 35 e 40 persoas usuarias. Este sistema é complementado co traslado de balde ás persoas usuarias do centro de día dende os seus domicilios ó devandito centro.

Un modelo semellante é o utilizado en **Toques**, onde un minibus traslada dende os seus domicilios ás persoas participantes nas actividades municipais que se centralizan na Aula da Natureza de Toques, considerada polo equipo de benestar como un éxito; sistema este que tamén é utilizado en **Aranga** ou **Cabanas**, onde os diferentes obradoiros de recuperación de memoria contan con servizo de transporte xa que, de non contar con este servizo, non terían persoas usuarias. Ademais, estes servizos, que no caso de Cabanas utilizan ó redor de 20 persoas tódolos martes, tamén son utilizados como antenas para detectar casos de necesidades individuais ou para transmisión de información pública.

Unha modalidade diferente é a utilizada polo **Concello de Betanzos**, que conta cun servizo de transporte para as

persoas que acoden ás consultas médicas do Centro de Saúde e que, para acceder ó mesmo, precísase dun informe médico previo. Este servizo é solicitado pola persoa usuaria con antelación á súa cita médica e o microbús adaptado recóllea no domicilio e, incluso, fai acompañamentos na propia consulta médica. Na actualidade estase a prestar servizo a máis de 100 persoas usuarias cun custo para o Concello de ó redor de 30.000€ anuais.

O caso de **Miño** pódese considerar semellante a Betanzos, xa que se conta cun microbús público que inicialmente estaba deseñado para trasladar ás persoas con cita médica ó Centro de Saúde, pero que a raíz do seu éxito, fai a mesma ruta en días alternos tódolos días da semana de balde.

Finalmente, outras alternativas son as utilizadas por Concellos como **Coirós**, que formaliza convenios co servizo de taxis para o transporte dos nenos e nenas das escolas unitarias do Concello ó comedor do Colexio Vales, en Betanzos; en tanto que no **Concello de Abegondo**, co mesmo formato do convenio con taxis, atópase operativo un sistema de cita previa á demanda onde un total de 4 taxis van buscar ás persoas maiores para trasladalas ó Centro de Saúde e a facer diferentes xestións. O sistema de Abegondo nace a raíz da falta de demanda do servizo de autobús que se atopaba operativo, contando a colaboración cos taxis cun orzamento anual que non supera os 3.000€.

SE PRECISAS COÑECER MÁIS...

Municipio: **Varios**

Máis información: <https://www.teo.gal/gl/servizo/teobus-lina-interna-de-transporte-municipal>

<http://www.artexio.org/sites/web/archivos/busesdefinitivo.pdf>

<http://www.artexio.org/gl/noticia/reunions-sobre-o-transporte-publico-chegan-barranan-lagoa-cachada-e-monteagudo>

<http://www.riveira.es/plan-de-fomento-do-transporte-publico/>

<http://concellodepaderne.com/pages/transporte>

AS MÚLTIPLES EXCLUSIÓNES.

Na actualidade verifícase un incremento das diferentes formas de exclusión social que, tanto a raíz da crise económica iniciada nos anos 2008 – 2009, como a raíz da evolución dos hábitos e costumes a nivel xeral, están a concitar unha importante preocupación nos equipos de benestar municipais.

Neste sentido, a prevención das múltiples exclusións é un aspecto básico no traballo cotiá dos departamentos de benestar que, a pesar da súa importancia, está a verse limitado tanto polos recursos dos que estes dispoñen, como pola implantación dun modelo atomizado de traballo que dificulta a transferencia de información, coñecemento e prácticas con outros profesionais ou entidades sociais do territorio.

Como se pode comprobar ó longo da Galería, é posible (e desexable) atopar experiencias que teñen capacidade de incidencia en múltiples eidos de actuación relacionados co benestar. Este é o caso das relacionadas coa xeración de coalicións de benestar, aterradas na creación de Bolsas de Traballo Municipais (experiencia 4.1.2), o proxecto de Eco-Comedores (experiencia 4.1.3), ou as diferentes experiencias relacionadas coa soidade, co voluntariado ou co traballo con persoas coidadoras como recuperación das capacidades relacionais das persoas evitando así a presenza de exclusións.

Con todo, considérase preciso facer un especial fincapé na presenza de proxectos de referencia especialmente dirixidos a determinados colectivos que se consideran de elevado interese para o seu coñecemento e transferencia xa que, integrados dentro de políticas públicas de corte universalista, contribúen a chegar a situacións sobre as que habitualmente o esforzo vén sendo limitado. Este é o caso, por exemplo, dos múltiples aspectos que pode ter o traballo coas persoas con discapacidade, ou das accións formativas relacionadas coa prevención ou coa educación en valores realizadas nos centros educativos.

Ademais, en relación ás exclusións de carácter económico, tendo en conta a mencionada ampliación do perímetro das políticas de benestar cara a integración das actuacións relacionadas coa promoción económica e o emprego locais, é preciso avanzar no traballo coas mesmas aproveitando a presenza no territorio de experiencias de salientable valor e transferibilidade que, non só inciden de xeito efectivo sobre as problemáticas individuais, senón que contribúen á xeración de redes de actores locais co que isto comporta en termos de creación da confianza e do seu efecto multiplicador para o deseño e implementación de novas medidas de innovación social.

Deste xeito, a continuación amósase un abano de experiencias de interese que están a desenvolver os Concellos da provincia que, como se poderá comprobar, inciden dende unha óptica multifocal nas diferentes exclusións, contribuindo, na liña das restantes experiencias recompiladas, á mellora da calidade de vida e do benestar das persoas tendo en conta as súas circunstancias específicas.

EXPERIENCIAS

CONTRATACIÓN PÚBLICA SOCIALMENTE RESPONSABLE

UNIVERSO DIVERSO

A MELLORA DA NUTRICIÓN NA INFANCIA

A PREVENCIÓN NOS CENTROS EDUCATIVOS

A MEDIACIÓN INTERCULTURAL

A TARXETA SOLIDARIA

CONTRATACIÓN PÚBLICA SOCIALMENTE RESPONSABLE

ASPABER S.L. é o Centro Especial de Emprego creado por ASPABER, Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños, que vén traballando con este colectivo dende o ano 1976 na Comarca de Bergantiños. A través do Centro Especial de Emprego, ASPABER crea postos de traballo para persoas con discapacidade intelectual para conseguir a súa integración e a normalización da vida dentro da comunidade.

Na actualidade **ASPABER S.L.** conta con contratos con diferentes entidades privadas, pero salienta a súa actividade relacionada coas administracións locais e, especificamente, a xestión de diferentes servizos de limpeza nos **Concellos de A Laracha, Carballo e Malpica de Bergantiños**. Grazas á xestión destes servizos, ASPABER S.L. conta con 64 persoas traballadoras a principios do ano 2020.


Os Concellos de Carballo, Malpica e A Laracha utilizan diferentes tipos de procedementos de licitación para a contratación de servizos como a limpeza viaria, a xestión do punto limpo, ou a limpeza de bens inmobles, resultando ASPABER S.L. adxudicataria das diferentes licitacións.

Neste sentido, en tanto o **Concello de Malpica de Bergantiños** utiliza o procedemento aberto para a licitación do servizo de limpeza viaria no 2017, o **Concello de Carballo** utiliza a reserva de contratos a centros especiais de emprego para a licitación da limpeza viaria e servizos conexos, utilizando tamén a reserva de contratos para un

lote dos servizos de limpeza de bens inmobles do Concello, ámbolos dous do ano 2016. Ademais, o **Concello de A Laracha** tamén utiliza o procedemento aberto para a licitación da xestión do punto limpo no 2013 e, a raíz da súa axeitada prestación do servizo, toma a decisión de prorrogar e ampliar o contrato.

Como se pode comprobar, os Concellos utilizan as ferramentas da contratación pública socialmente

responsable para o fomento e a mellora da inclusión social de colectivos específicos, aspecto este que, no caso de ASPABER, redonda no incremento do seu cadro de persoal ó asumir, de xeito paralelo, diferentes contratos tamén con entidades privadas.



SE PRECISAS COÑECER MÁIS...

Municipio: Varios

Entidade responsable: ASPABER S.L. – Centro Especial de Emprego

Enderezo: A Brea s/n - Carballo

Contacto: 981 702 606 - aspaber@aspaber.com

Web: <https://www.aspaber.com/cee/portada.php>

Máis información: <https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?OP=50&N=180133&lang=gl>

<https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?OP=50&N=24374&lang=gl>

<https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?OP=50&N=23988&lang=gl>

<https://www.alaracha.gal/gl/noticia/285/o-concello-prorroga-os-contratos-con-aspaber-da-xestion-do-punto-limpo-e-limpeza-viaria/>

UNIVERSO DIVERSO

O **programa Universo Diverso**, de traballo específico coas persoas con discapacidade psíquica e intelectual, lévase adiante dende hai varios anos en diferentes Concellos da provincia. Non se trata dun programa de actuacións unificado e común, senón que os Concellos deseñan as actividades a realizar atendendo ó seu contexto de referencia e dótanse dunha denominación conxunta.

O Universo Diverso foi levado a diante en diferentes anualidades en Concellos como **Bergondo**, **Boiro**, **Corcubión** ou **Sada**, por exemplo, quedando incluído en varios Concellos dentro dos programas estables dos departamentos de benestar municipais.

O programa tenta mellorar a autonomía das persoas con discapacidade a través de actividades especializadas de lecer, cultura, medio ambiente, deportes e tempo libre que complementen a óptica da diversión con enfoques terapéuticos e

socio-educativos. Así, deséñanse especificamente actividades como excursións, obras de teatro, obradoiros de pintura, obradoiros de fotografía, obradoiros de cociña, actividades de educación viaria, actividades deportivas (adestramentos e partidos de baloncesto, por exemplo). Ademais, en Concellos como Bergondo, por exemplo, dentro das actividades inclúense espazos para as familias.

As actividades desenvolvidas polos diferentes Concellos dentro dos programas Universo Diverso contan cunha importante valoración positiva tanto dende as persoas usuarias, como dende as súas familias e dende os equipos técnicos de benestar, se ben dende estes equipos técnicos considérase importante a actualización das actividades avanzando cara o deseño de actividades máis complexas de inclusión social.



SE PRECISAS COÑECER MÁIS...

Municipio: **Bergondo**
Entidade responsable: **Departamento de Servizos Sociais do Concello de Bergondo**
Enderezo: **Estrada da Coruña 12**
Contacto: **981 791 252**
Web: <http://bergondo.gal/areas-e-servizos/servizos-sociais/>

Municipio: **Boiro**
Entidade responsable: **Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Bergondo**
Enderezo: **Praza de Galicia s/n**
Contacto: **981 844 800 (ext. 1255) e s.sociais@boiro.org**
Web: <https://boiro.gal/index.php/es/12-noticias/985-universo-diverso-es>

Municipio: **Sada**
Entidade responsable: **Servizos Sociais do Concello de Sada**
Enderezo: **Avda. da Mariña 25 . 3º**
Contacto: **981 620 567 e servizos.sociais@sada.gal**
Web: <https://www.sada.gal/ga/concello/benestar-social-e-igualdade/servizos-sociais>

A MELLORA DA NUTRICIÓN NA INFANCIA

Tal como se menciona con anterioridade, a preocupación pola nutrición infantil e xuvenil é un elemento no que se está a traballar dende os Concellos a diferentes niveis, debendo mencionar por unha banda, as iniciativas descritas relacionadas cos comedores escolares centradas na utilización de produtos saudables e de proximidade, en tanto que por outra banda é preciso facer fincapé nesta mellora da nutrición dende o punto de vista da equidade como resposta ás necesidades sociais e ás desigualdades económicas.

Dende esta perspectiva, os Concellos están a incidir nesta problemática a través de diferentes vías como poden ser as axudas ás familias para os comedores escolares, as actividades de conciliación, as actividades contempladas dentro dos programas de educación familiar, ou dende outras actividades enmarcadas, por exemplo, dentro das accións de reforzo educativo que levan a cabo con nenos e nenas.

Neste sentido, alén da existencia de convocatorias de axudas específicas para cubrir o 100% do custo do comedor escolar (**Concello de Noia**), os Concellos dótanse de programas relacionados coa conciliación que inclúen dereito a almorzo cuxo custo pode ser bonificado (caso do **programa Mencer na Escola**, do **Concello de Cabanas**, por exemplo). Esta tamén é a lóxica do programa “**Eu almorzo no Cole**”, do **Concello de As Pontes**, que chega a máis de 130 familias diariamente e que vencella a conciliación co fomento de hábitos saudables, a mellora da dieta e a práctica de exercicio físico. Con todo, o Concello de As Pontes integra este programa dentro do Servizo Psicopedagóxico Municipal, que inclúe aspectos de elevado interese como pode ser o programa de atención

psicopedagóxica a nenos e nenas, o programa de atención integral á adolescencia ou o programa de reforzo educativo, por exemplo.



O reforzo da nutrición infantil e xuvenil tamén se desenvolve a través dos programas de reforzo educativo, como acontece por exemplo no caso do **Concello de Muros**, que inclúe a merenda dentro da súa programación de pasantías e que, en períodos estivais, tamén inclúe o almorzo. Este esquema tamén é seguido no **Concello de Rianxo** que, a través de Cruz Vermella, ofrece merenda saudable ós nenos e nenas do programa de reforzo educativo que, ademais, é reforzado a través de saídas conxuntas.

Como se pode observar, a incidencia dende diferentes ópticas na nutrición infantil está a emerxer como un dos aspectos nos que incidir dende os departamentos municipais de benestar, elemento este que con respecto ós comedores escolares incrementa a súa complexidade atendendo ós diferentes axentes que actúan dentro do proceso de servucción, para o cal as actuacións referidas na experiencia recollida no punto sobre a evolución demográfica son consideradas de elevado interese ó seren susceptibles de verse potenciadas a través da introdución da equidade e da universalidade como aspecto central.

SE PRECISAS COÑECER MÁIS...

Municipio: **As Pontes**
Entidade responsable: **Servizo Psicopedagóxico Municipal do Concello de As Pontes**
Enderezo: **Rúa Rosalía de Castro, 11 - Casa Dopeso 2º andar**
Contacto: **Teléfono 981 441 008 – info@educaspontes.es**
Web: **http://www.educaspontes.es/eu-almorzo-no-cole-3/**

Municipio: **Cabanas**
Entidade responsable: **Departamento Benestar do Concello de Cabanas**
Enderezo: **Rúa do Concello 22**
Contacto: **Teléfono 981 495 959**
Web: **http://www.cabanas.gal/es/node/246**

A PREVENCIÓN NOS CENTROS EDUCATIVOS

Na actualidade, os equipos de benestar municipais recoñecen tanto a emerxencia de diferentes adicións entre a mocidade, como a necesidade de incidir dende múltiples ópticas na prevención e na mellora xeral dos hábitos na infancia e xuventude. Neste sentido, e dentro dunha importante fragmentación, é posible mencionar a existencia de experiencias a nivel local de traballo conxunto cos centros educativos, de elevado interese para o seu coñecemento e transferencia, que comparten o obxectivo de procurar a mellora da calidade de vida dos nenos e nenas.

Así, dende a óptica do traballo cos valores é posible mencionar o **Programa Educando en Valores** que se leva implementando no **Concello de Carral** dende o 2012, onde se traballa no CEIP e no IES na mellora das competencias para desenvolver a intelixencia emocional, favorecendo a convivencia e o afecto. Este programa foi estendido ó traballo coas familias a través de diferentes obradoiros.

Tamén dende un punto de vista integral atópase o traballo que se leva desenvolvendo no **Concello de Noia** en colaboración cos centros educativos e coas ANPAS, realizando numerosos obradoiros relacionados co proceso de crecer, a resolución de conflitos, ou a asertividade. Estas accións co alumnado complementáanse coas tertulias de pais e nais en boa parte dos cursos tanto de infantil e primaria, como da ESO.

Este esquema é o propio do **Concello de Oleiros** que, a través do **Servizo Municipal de Educación e Xuventude** conta con numerosos programas relacionados cos valores (educación para a saúde e prevención de adicións, alimentación saudable, mediación, educación de igualdade de xénero e afectivo sexual), coa educación ambiental, coa educación artística e coa educación viaria, ademais de realizar tamén obradoiros para as familias, tanto para infantil e primaria como para ESO e bacharelato. Neste sentido, o Concello de Oleiros presta especial atención á relación coas ANPAS e á difusión a través de canles como as redes sociais e os grupos de whatsapp dos propios centros e ANPAS.

Este tipo de traballo de elevada intensidade en relación cos centros educativos tamén é o levado a cabo no **Concello de Teo**, onde se xera un amplo número de accións cos centros escolares que van dende temáticas relacionadas coas relacións afectivo sexuais, coa autoestima ou coa igualdade, ata outras relacionadas coas regueifas, co medio ambiente ou co coñecemento do propio Concello a través de visitas guiadas o patrimonio natural e histórico.

Xa en relación con temáticas máis específicas, entre numerosos exemplos, é posible salientar os casos dos **Concellos de Carballo**, de importante tradición de traballo conxunto coa entidade social **Vieiro** en relación á prevención de adicións e á mellora das habilidades sociais e persoais do alumnado dos centros educativos e á xestión da Escola de Pais e Nais, de **Mugardos**, en colaboración con **Asfedro**, e de **Camariñas**, que contaba cun importante programa de prevención de adicións de xeito conxunto coa entidade **Abondou** que se ve limitado ó cesar esta entidade as súas actividades. Neste mesmo sentido de colaboración con entidades sociais, o **Concello de As Pontes** colabora activamente coas entidades **Asfedro** e **Adiante** en diferentes programas relacionados coas adicións, aspecto no que se prevé incrementar os esforzos.

Focalizando a atención na prevención de condutas aditivas, é posible observar o exemplo do **Concello de Narón** que, con diferentes obradoiros sobre as adicións sen consumo de substancias impartidas a alumado de 2º e 3º da ESO e ás familias, constátase un elevado éxito, sendo impartidos de xeito repetido no tempo por persoas expertas en ludomanías.

Tamén é de relevancia o éxito que tivo o **Concello de Sada** no deseño e realización dun obradoiro para familias de adolescentes de 8 sesións, onde se trataron temas como as relacións, as redes sociais, así como o seu impacto no clima familiar, salientando o enfoque innovador do propio obradoiro e a súa profundidade en materia de intelixencia emocional.

Outro enfoque, se ben dentro dun programa global relacionado coa prevención de importante tradición e implantación nos centros educativos, é o asumido polo **Concello de Fene** no **Plan de Prevención da obesidade infantil (Xermola)**, polo que se realizan tanto para o alumnado dos diferentes centros educativos de primaria como para as familias, obradoiros de nutrición saudable e de etiquetaxe de alimentos. Con todo, como se menciona, estas accións relacionadas coa nutrición saudable intégranse dentro dun programa máis amplo con accións, en función das idades, relacionadas cos hábitos saudables, coas habilidades sociais, cos conflitos, coas relacións afectivo sexuais, co uso e abuso de substancias... tendo accións de elevado interese como pode ser o “Cine e Saúde”



onde se fai fincapé na educación en valores e nos consumos a través de medios audiovisuais.

Este é o enfoque seguido no **Concello de Tordoia** que, a raíz da colaboración entre o departamento de benestar municipal co Centro de Saúde e co PAI, xeran menús

saudables que os escolares deben levar dende os seus fogares, utilizando tamén este esquema para as actividades de conciliación municipais.



SE PRECISAS COÑECER MÁIS...

Municipio: Carral
Entidade responsable: Departamento de Benestar do Concello de Carral
Enderezo: Praza Campo da Feira
Contacto: Teléfono 981 613 520
Web:
<http://www.carral.es/blog/programa-de-educando-en-valores/>

Municipio: Oleiros
Entidade responsable: Servizo Municipal de Educación do Concello de Oleiros
Enderezo: Rúa do Inglés 13
Contacto: Teléfono 981 636 598
Web:
<http://www.oleiros.org/web/concello-oleiros/c-ensino-e-xuventude/ensino>

Municipio: Fene
Entidade responsable: Departamento de Servizos Sociais do Concello de Fene
Enderezo: Avda. do Mar, Bloque I, Baixo – San Valentín
Contacto: 981 342 607 e servizos.sociais@fene.gal
Web:
<http://www.fenecidadan.net/portal-cidadan/benestar-igualdade/gl>

Municipio: Carballo
Entidade responsable: Asociación Vieiro
Enderezo: R/ Vázquez de Parga 119, Bloque 4, Inferior Dto. - Carballo
Contacto: Teléfono 981 756 161
Web: <http://vieiro.org/#>

Municipio: Sada
Entidade responsable: Servizos Sociais do Concello de Sada
Enderezo: Avda. da Mariña 25 . 3º
Contacto: 981 620 567 e servizos.sociais@sada.gal
Web: <https://www.sada.gal/ga/concello/benestar-social-e-igualdade/servizos-sociais>

A MEDIACIÓN INTERCULTURAL

Arteixo é un exemplo de Concello integrante da primeira coroa metropolitana dunha grande cidade cunha salientable evolución da súa poboación grazas á súa capacidade de atracción de novos habitantes, procedendo estes tanto da cidade da Coruña como do resto de Galicia, e contando cun elevado colectivo de persoas inmigrantes procedentes das máis variadas partes do mundo.

A este contexto social, así como á complexidade das necesidades do colectivo de persoas inmigradas, responde á dotación por parte do Concello do posto de traballo de mediador intercultural que, traballando dende o departamento de benestar municipal e en coordinación coas políticas de inclusión social, xestiona o [programa de mediación intercultural e social](#) que se desenvolve de xeito complementario coas accións de formación, coa orientación e reforzo educativo para evitar o abandono da escolarización obrigatoria, ou coa formación para a participación social, onde se fai fincapé na formación nas linguas oficiais de Galicia.

Esta mediación lévase a cabo en eidos como a sanidade, a educación ou a vivenda mediante accións de acompañamento presencial ou de sensibilización nas contornas de proximidade, de tal xeito que facilite a comunicación, o entendemento e a transformación das relacións entre persoas e grupos sociais de culturas diferentes. Neste sentido, a mediación traballa en prever e

solucionar conflitos, construíndo realidades sociais compartidas.

Dentro das actividades levadas a cabo na mediación atópanse a realización de accións específicas nas escolas, como pode ser a semana da multiculturalidade, as accións individualizadas de asesoramento tamén nas propias escolas, acompañamentos ós centros de saúde, a realización de xestións documentais e xurídicas en colaboración co servizo xurídico do Concello, así como accións de mediación con comunidades de veciños, entre outras de elevado impacto para a calidade de vida das persoas inmigradas.

Estas accións realízanse, na actualidade, coa colaboración da Consellería de Política Social e do Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo do FSE Galicia 2014 – 2020.

Dende unha filosofía semellante, pero cun alcance máis limitado, o **Concello de Boimorto** leva a cabo accións de mellora da capacidade relacional de varias familias inmigradas centradas no coñecemento dos idiomas, no coñecemento da comunidade, e no establecemento paulatino de vencellos de carácter cultural. Estas accións foron emprendidas pola educadora familiar a raíz da detección, na Bebeteca municipal, de varias familias inmigradas que carecían de redes de apoio no Concello e que, por cuestións culturais, non se estaban a relacionar co novo entorno de acollida.



SE PRECISAS COÑECER MÁIS...

Municipio: Arteixo
Entidade responsable: Departamento de Servizos Sociais do Concello de Arteixo
Enderezo: Rúa de Noia 2
Contacto: 981 659 1100
Web: <http://www.arteixoo.org/gl/servizos/servizos-sociais>
Máis información: <http://www.arteixoo.org/gl/noticia/servizos-sociais-desenvolve-un-programa-de-inclusion-destinado-colectivos-en-situacion-de>

Municipio: Boimorto
Entidade responsable: Departamento de Servizos Sociais do Concello de Boimorto
Enderezo: Rúa Vilanova 1
Contacto: 647 344 367
Web: <https://concellodeboimorto.es/gl/#>

A TARXETA SOLIDARIA

A utilización da **Tarxeta Solidaria** por parte de colectivos que na actualidade están a ser beneficiarios dos servizos do Concello de Sada é o centro do Convenio asinado entre **Vegalsa-Eroski** e o propio **Concello de Sada**, polo cal se facilitan medios económicos para que este colectivo realice compras de produtos de alimentación e de primeira necesidade en establecementos comerciais de Vegalsa – Eroski garantindo tanto a normalización, dignidade e a confidencialidade das persoas usuarias, como a simplificación do proceso administrativo de comprobación e gasto posterior do Concello e de Vegalsa-Eroski.

O sistema ten un funcionamento semellante ós das Tarxetas Agasallo, sendo persoal e intransferible, e garantindo a discreción e a confidencialidade. Ademais, esta tarxeta pode ser recargada ás veces que sexa preciso, aforrando tempo derivado da entrega de vales ás persoas usuarias, e potenciando o consumo de produtos

frescos xa que non é preciso facer uso de todo o importe nunha única compra.

Neste sentido, unha vez o Concello determina as persoas que integren o programa, envía a entidade os datos correspondentes e os importes da carga, de tal xeito que en 24/48 horas estes están dispoñibles a través da tarxeta, que será entregada á persoa usuaria verificando a través do DNI na nova alta e na súa utilización en cada compra.

A entidade comercial facturará ó Concello no período a determinar no Convenio pola cantidade efectivamente utilizada polas persoas usuarias, podendo desagregar a información por persoa, así como por diferentes variables a definir. Este sistema de facturación é verificado polo equipo económico do Concello, sendo máis áxil e presentando maiores garantías de control administrativo cós sistemas precedentes, o cal redonda no seu éxito.



SE PRECISAS COÑECER MÁIS...

Municipio: Sada

Entidade responsable: Servizos Sociais do Concello de Sada

Enderezo: Avda. da Mariña 25 . 3º

Contacto: 981 620 567 e servizos.sociais@sada.gal

Web: <https://www.sada.gal/ga/concello/benestar-social-e-igualdade/servizos-sociais>

OS COIDADOS.

Un dos alicerces das políticas de benestar locais é todo o relacionado cos coidados ás persoas, tendo en conta a necesaria complementariedade entre as diferentes formas de coidados recollidas ó longo dos diferentes documentos do Plan de Acción.

Neste sentido, a verificación da infradotación xeral de equipamentos para a atención ás persoas maiores é un elemento a ter en conta á hora da análise da complementariedade dos recursos idóneos, aspecto este que leva ó incremento do peso da familiarización dos coidados e, polo tanto, á necesidade actual dun maior esforzo local no deseño, innovación e prestación de servizos intermedios e de proximidade que maten a presión sobre a esfera familiar dos coidados, así como de atención das persoas coidadoras.

Dentro deste elemento é preciso mencionar a necesidade de introducir dentro dos coidados aquelas accións de prevención especificamente dirixidas ás persoas maiores que, dende un punto de vista comunitario, están a xurdir en diferentes Concellos e que se dirixen á mellora da calidade de vida das persoas en relación á mellora dos seus fogares, tendo en conta tamén aquelas que focalizan parte da atención no elemento relacional.

Este esquema non se repite de xeito mimético en relación ós coidados á primeira infancia, onde en termos xerais se superan as ratios recomendadas de prazas, a pesar de que esta situación supón que máis da metade da poboación obxectivo se atopa coidada a través da familiarización. Así, ademais da necesaria énfase no incremento de prazas a través das entidades públicas multinivel especificamente creadas para a xestión desta política pública (o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar), tamén é preciso recoller experiencias que amplíen o abano de programas relacionados coa atención á infancia (non unicamente 0-3) vencellándoos cun perímetro que englobe diferentes accións de benestar.

Como se pode observar, a complementariedade entre as diferentes experiencias que se veñen citando e as integradas dentro deste bloque é un aspecto central xa que, tal como se menciona, os obxectivos a acadar polas experiencias poden ser múltiples dentro do benestar, dependendo do seu enfoque ou da maior ou menor énfase que se faga en determinados elementos particulares de cada experiencia.

Finalmente, un elemento a ter en conta dentro das experiencias recompiladas relacionadas cos coidados, é tanto a súa transferibilidade como a facilidade para a súa adaptación a cada contexto para formar parte de xeito estable dos programas municipais de benestar. Así, estas experiencias recollen aspectos nos que boa parte dos Concellos da provincia recoñecen baleiros que é preciso cubrir de xeito estable, de tal xeito que as experiencias seleccionadas non só cobren os baleiros recoñecidos, senón que os poden cubrir con vocación de continuidade no tempo, respondendo á evolución das necesidades sociais e á mellora do benestar e da calidade de vida da poboación.

EXPERIENCIAS

OS SERVIZOS DE ESTIMULACIÓN TERAPÉUTICA
PROGRAMA DE APOIO A PERSOAS COIDADORAS
A MELLORA DOS COIDADOS NO FOGAR
OS COIDADOS SOCIOSANITARIOS DENDE O BENESTAR
OS COIDADOS Á INFANCIA

OS SERVIZOS DE ESTIMULACIÓN TERAPÉUTICA

Na actualidade, son varios os Concellos que contan, en colaboración con diferentes entidades sociais, con **Servizos de Estimulación Terapéutica ou Unidades de Memoria** para a atención ás persoas con deterioro cognitivo leve ou moderado, demencia tipo Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas que permiten frear a desorientación e o déficit cognitivo que afectan ás persoas usuarias.

Dentro destas unidades, aplícanse técnicas de psicoestimulación cognitiva, xerontoximnasia, e actividades de carácter relacional e social que favorecen a independencia e autoestima das persoas usuarias co obxectivo de preservar as capacidades cognitivas.

Este tipo de servizos considéranse unha evolución e superación dos obradoiros de estimulación cognitiva, dando lugar a servizos de carácter terapéutico con actividades tanto para as persoas usuarias como para as súas familias, ó incluír a información, orientación, formación, apoio persoal e emocional, e asesoramento para mellorar a calidade de vida das persoas cuidadoras. Neste sentido, os servizos que se activan nos diferentes Concellos, con intensidades diferentes no tempo, teñen un salientable rol de mellora tanto das persoas usuarias



como das persoas cuidadoras, neste último caso en termos de conciliación.

Finalmente, estes servizos complementan ó SAF municipal rebaixando a presión actualmente existente sobre o mesmo e actuando como ferramenta de detección e prevención, de tal xeito que nos Concellos que se atopa en activo constitúese como unha ferramenta intermedia de elevado éxito.

En termos de persoas usuarias, os datos son variables atendendo ó deseño do Servizo realizado por cada Concello, pero é posible indicar que no **Concello de Vedra** estase a atender a 8 persoas, en **Teo** o convenio coa entidade social inclúe 10 prazas, en **Ares** o número de usuarios/as ascende a 12 e en **Bergondo**, por exemplo, aténdense a 20 persoas usuarias.

Ademais, esta diferenza nos deseños e nas intensidades dos Servizos inflúe nos custos finais xa que, alén da presenza de copagos por parte das persoas usuarias, as achegas municipais non adoitan superar os 10.000€ anuais.

Estes servizos estanse a estender polos diferentes Concellos prestados por entidades sociais de recoñecido traballo en relación á prevención e tratamento do deterioro cognitivo, figurando en activo, entre outros, nos Concellos de **Bergondo, Boiro, Ribeira, Ares, Teo** ou **Vedra**.



SE PRECISAS COÑECER MÁIS...

Municipio: Varios
Entidade responsable: AGADEA – Asociación Galega de Axuda ós Enfermos con Demencias tipo Alzheimer
Enderezo: Salgueiriños de Abaixo nº 15 – Santiago de Compostela
Contacto: Teléfono 981 595 738/ 647 589 725
Web: <https://agadea.org/>

Municipio: Varios
Entidade responsable: AFACO – Asociación Familiares Enfermos Alzheimers Coruña
Enderezo: Parque San Diego s/n – Centro Cívico – Baxo - A Coruña
Contacto: Teléfono 981 205 858 e contacto@afaco.es
Web: <https://afaco.es/index.php>

Municipio: Varios
Entidade responsable: Afal – Alzheimer Ferrolterra
Enderezo: Rúa Río Castro 43 -45, Baixo. Ferrol
Contacto: 981 370 692 e afalferrolterra@afalferrolterra.com
Web: <http://www.alzheimerferrolterra.com/index.php/es/>

Máis información:

<https://www.teo.gal/gl/actualidade/2019/o-concello-pon-en-marcha-un-servizo-para-persoas-con-demencia-en-colaboracion-con>
<http://boiro.gal/index.php/es/noticias-de-deportes/91-novas/novas-de-servizos-sociais/2026-servizo-de-esimulacion-terapeutica-agadea-alzheimer-nova-apertura>
<http://www.concellodeares.com/amplianota.php?cod=2012>
<https://galego.lavozdegalicia.es/noticia/coruna/bergondo/2019/08/14/bergondo-afaco-vuelven-ofertar-activat/00031565786091151370412.htm>

PROGRAMA DE APOIO A PERSOAS COIDADORAS

Como se observou con anterioridade con respecto do proxecto CoidarNos de apoio ás persoas coidadoras do Concello do Boqueixón, que foi enmarcado dentro das experiencias relacionadas coa soidade e o avellentamento debido á énfase que este fai no aspecto relacional e de atención psicolóxica ás persoas coidadoras, este tipo de experiencias poden ser enmarcadas en diferentes eidos de actuación en función da óptica que se lle aplique.

Así, o Programa de Apoio ás Persoas Coidadoras do Concello de Oleiros, composto por diferentes actividades, asume como lema “*coidar ó que coida*”, poñendo o foco na atención á persoa que asume a responsabilidade na atención das persoas enfermas e dependentes.

O Concello de Oleiros conta cun importante conxunto de actividades englobadas dentro do Programa, entre as que salienta o Taller de Apoio ás persoas coidadoras “*Descubriendo Emocions*”, enfocado no apoio á persoa coidadora coa finalidade de mellorar a súa calidade de vida, reducir os trastornos psicolóxicos e adaptar á persoa ó novo rol de coidador/a. O “*Descubriendo Emocions*” é un espazo terapéutico semanal para que as persoas se sintan escoitadas, apoiadas e comprendidas, así como para conectar con

outras persoas e adquirir habilidades para enfrontarse ós problemas.

Como continuidade do “*Descubriendo Emocions*”, atópase o “*Coidando Emocions*”, obradoiros quincenais onde as persoas establecen unha cadea de apoio social, así como aprenden a controlar e avaliar a situación anímica das compañeiras.

Ademais, dentro do abano de actividades tamén se atopa o “*Xuntos nos Coidados*”, acción de formación e información para as familias coidadoras de persoas con Alzheimer e outro tipo de demencias onde se aprende a afrontar os coidados e a ofrecer respostas concretas ás dúbidas do proceso de coidado. Neste sentido, estas accións de formación complétanse con mesas redondas de carácter puntual onde se tratan diferentes temáticas.

Finalmente, tamén dentro do Programa de Apoio ás Persoas Coidadoras, no ano 2018 inclúese unha actividade denominada “*O Paseo dos Sentidos*”, onde as persoas que habitualmente participan nos obradoiros previamente analizados, realizan rutas de sendeirismo por lugares escollidos pola súa tranquilidade e paisaxe onde as persoas participantes se relaxen e descubran lugares e elementos do paisaxe, da fauna, da natureza e do patrimonio que os motiven a facer novas visitas.

Descubriendo EMOCIONES
Programa de apoio a persoas coidadoras
Un espazo para mellorar a calidade de vida das persoas coidadoras

Descubriendo EMOCIONES
(8 sesións semanais de hora e media de duración)
Os días 9, 16, 23 e 30 de novembro
Os días 7, 14, 21 e 28 de decembro
Horario: das 10:30 as 12:00 h

Coidando EMOCIONES
(8 sesións quincenais de dúas horas de duración)
Os días 16 e 30 de novembro
Os días 14 e 28 de decembro de 2018
Os días 1 e 29 de xaneiro de 2019
Os días 6 e 22 de febreiro de 2019
Horario: 16:30 a 18:30

Xuntos nos COIDADADOS
Os días 1, 2, 3, 4 de decembro
Horario: 16:30 as 18:30

Todas estas actividades desenvólvense no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo, sito en Os Regos (Oleiros)

Máis información obtendo ao teléfono de Atención ao veciño: 981 610 000

Concello de Oleiros
Presidencia de servizos sociais e benestar

SE PRECISAS COÑECER MÁIS...

Municipio: **Oleiros**
Entidade responsable: **Departamento de Servizos Sociais do Concello de Oleiros**
Enderezo: Praza de Galicia 1
Contacto: **Teléfono 981 610 001 (ext. 3500)**
Web: <http://www.oleiros.org/web/concello-oleiros/inicio>

A MELLORA DOS COIDADOS NO FOGAR

Un dos elementos máis salientables da prestación do Servizo de Axuda no Fogar é o seu efecto multiplicador na xeración de novas intervencións coas persoas usuarias e cos seus contextos físicos e relacionais de referencia.

Neste sentido, existen diferentes experiencias a nivel municipal de importante utilidade á hora da súa transferencia e adaptación onde as persoas auxiliares do SAF, identificadas como axentes do cambio, asumen un rol central na modificación dos hábitos e costumes das persoas usuarias do servizo co obxectivo de mellorar a súa calidade de vida e benestar final.

Dentro destas experiencias atópase, en primeiro lugar, a implantación da **Terapia Ocupacional** como servizo directamente vencellado co SAF para a realización de análises de adaptación funcional dos fogares, para realizar adaptacións relacionadas coa prevención de caídas, para a realización de actividades específicas relacionadas coa memoria para persoas con problemas de mobilidade, para o asesoramento ás persoas na adquisición de axudas técnicas ou no seu uso, ou para a realización de actividades de formación ás persoas auxiliares do SAF.

Este conxunto de actividades desenvolveuse no **Concello de Campo Lameiro** a través dun programa específico de vencello entre o SAF e a Terapia Ocupacional que, ademais, actuaba como elemento de socialización e

recuperación de hábitos relacionais das persoas que vivían soas ou que tiñan dificultades de movementos.

En segundo lugar, e especificamente deseñadas para as persoas que teñan recoñecido grao de dependencia ou discapacidade, o **Concello de Camariñas** activa unha **liña específica de axudas para a realización de obras de reforma** de baños por un valor de 800€. Estas axudas levan á adaptación e actualización dos equipamentos dos baños e, habitualmente, consisten na substitución de bañeiras por pratos de ducha, o cal facilita o seu uso ás persoas con mobilidade reducida, así como ó seu traballo ás persoas auxiliares do SAF, de contaren con este servizo de apoio.



Este tipo de actividades supoñen o recoñecemento da importancia do SAF tanto para a xeración de coñecemento para os equipos técnicos de benestar, como á hora de deseñar novos programas específicos que melloren a calidade de vida da poboación.

SE PRECISAS COÑECER MÁIS...

Municipio: **Campo Lameiro**
Entidade responsable: **Departamento de Servizos Sociais do Concello de Campo Lameiro**
Enderezo: Praza da Provincia de Pontevedra 1
Contacto: **Teléfonoo 986 752 034 e servizossociais@campolameiro.com**
Web: <https://campolameiro.org/>

Municipio: **Camariñas**
Entidade responsable: **Departamento de Servizos Sociais do Concello de Camariñas**
Enderezo: Casa de Pedra - Praza de Insuela s/n
Contacto: **Teléfono 981 737 004**
Web: <http://www.camarinas.net/web/portada.php>

OS COIDADOS SOCIOSANITARIOS DENDE O BENESTAR

O enfoque sociosanitario ten un amplo campo de actuación en relación á prevención e á mellora xeral de hábitos de conduta de cara a limitar a incidencia de patoloxías nas que, por exemplo, a mala alimentación ten efectos salientables.

Dentro deste enfoque preventivo sociosanitario é posible observar diferentes experiencias locais de elevado impacto comunitario tendentes á mellora dos hábitos alimentarios e á activación física, sobre todo das persoas maiores.

Este é o caso da iniciativa liderada polo [médico de familia de Camelle \(Concello de Camariñas\)](#) pola cal se levan a cabo [paseos e andainas](#) de ó redor dunha hora de duración nas que se implica todo o equipo do Centro de Saúde e que, principalmente, están dirixidas á xente maior como o seu principal colectivo. Estas andainas xeran activación tanto física como relacional entre as persoas participantes, contribuíndo á mellora de enfermidades como a diabete ou as situacións de hipertensión, e nelas tamén se comparten consellos para trocar os hábitos alimentarios e introducir produtos máis saudables.



Esta iniciativa está a ser complementada a través das [Xornadas de Pinchos Saudables de Camariñas](#), onde os locais de hostalaría serven pinchos feitos con produtos saudables, frescos, apostando por verduras e froitas e evitando o frito. Estas Xornadas, que tamén contemplan premios, agasallos sorpresa e sorteos, son realizadas en

colaboración coa hostalaría de proximidade, co Concello, e coa farmacia de Camelle, grazas a cal se elabora unha guía de información sobre a vida saudable que se entrega en cada local de hostalaría participante.



Dentro deste eido de actuación salienta, tanto polo seu impacto como polo seu elevado alcance, o programa [“100.000 motivos de peso”](#) levado a cabo no [Concello de](#)

[Narón](#) polo [médico dun dos centros de saúde](#) do Concello. Este programa, ideado a raíz da verificación da elevada cantidade de persoas con sobrepeso, e do efecto que este sobrepeso e sedentarismo ten na hipertensión, asume o obxectivo dunha perda de máis de 100.000 quilogramos de peso xeral en dous anos.

Para acadar este obxectivo, o programa propón dietas equilibradas (preservando o patrón nutricional cultural da dieta atlántica) e exercicio físico, incorporándose a estas rutinas máis de 4.300 persoas. Paralelamente, dentro do programa atópase incluída a faceta solidaria da doazón de 1 quilogramo de produto non percedeiro por cada quilogramo de peso perdido.

Ademais, o Programa ten outras actividades complementarias como pode a [Liga Cen Mil Motivos de Peso](#), onde se dan competicións entre equipos de veciños para manter a tensión do cumprimento dos obxectivos, ou abordaxe infantil a través do [Programa Cardioescolas de Narón](#), onde coa colaboración do Concello, se pretende desenvolver programas de promoción da saúde cardiovascular dirixidos á poboación infantil.

O Programa tivo un elevado impacto xeral e conta con numerosos recoñecementos como pode ser o Premio Galicia Saudable, o Premio Constantes y Vitales á mellor campaña de divulgación médica, ou o Premio Europeo da Obesidade, na categoría de Mellor Programa de Participación Pública.

SE PRECISAS COÑECER MÁIS...

Municipio: [Narón](#)
Entidade responsable: [Cien Mil Motivos de Peso](#)
Contacto: admin@cienmilmotivosdepeso.com
Web: <https://www.cienmilmotivosdepeso.com/>

Municipio: [Camariñas](#)
Entidade responsable: [Asociación A Pergoliña - Concello de Camariñas – Consultorio de Camelle \(Servizo Galego de Saúde\)](#)
Máis información: http://www.camarinas.net/web/noticia.php?id_noticia=1392&id_seccionweb=108

OS COIDADOS Á INFANCIA

Na liña de ampliar o abano de actuacións de benestar, é preciso salientar a existencia de experiencias relacionadas co colectivo da infancia que, dende diferentes ópticas, inciden na mellora dos hábitos, na saúde, na activación física, na mobilidade, na socialización e na cultura.

Trátase, en primeiro lugar, dos **Camións Escolares Seguros ou Pedibús**, experiencias levadas a cabo nos Concellos de **Santiago de Compostela** (ColeCamións ou Camión Escolar Seguro) e no **Concello de Carballo** (Pedibús). Estas iniciativas pretenden avanzar en alternativas de mobilidade para o alumnado de determinados centros educativos (sobre todo dos situados nos centros urbanos) para que os nenos e nenas melloren a súa autonomía, os seus hábitos, a súa socialización en relación coa comunidade e coa contorna de proximidade, á vez que se limitan os efectos do tráfico nos devanditos centros.



Nestas iniciativas, os nenos e nenas (acompañados por Protección Civil ou Policía Local) seguen cada día unha ruta na que van recollendo ós compañeiros ata chegaren á escola. Ademais, o proxecto tamén inclúe actividades relacionadas coas familias, coas ANPA, modificacións urbanísticas, sinalizacións, obradoiros e charlas sobre educación viaria, voluntariado para acompañar ós nenos e nenas, comunicacións coa veciñanza... de tal xeito que se potencie o enfoque comunitario e a transmisión colectiva de valores de respecto e mellora xeral dos hábitos.

En segundo lugar, relacionado coa cultura, salienta a creación nos últimos anos de **Bebetecas** como servizos, dentro das Bibliotecas, para a pequena infancia que inclúen, ademais de espazos especialmente habilitados e préstamos de libros específicos para o colectivo, actividades como contacontos, obradoiros, e asesoramento especializado por parte dos profesionais.

Nestes espazos para pre-lectores, ofrécense un ambiente de estimulación, xogo e imaxinación, favorécense as relacións entre os nenos e nenas e as familias, de tal xeito que tamén é un espazo comunitario de socialización.

Na actualidade, entre outros exemplos, é posible atopar Bebetecas nos **Concellos de Teo, A Coruña, Bergondo, Cambre, Narón, Negreira** ou **Boimorto**, existindo proxectos noutros Concellos como pode ser o caso de **Betanzos**.

SE PRECISAS COÑECER MÁIS...

Municipio: **Carballo**
Entidade responsable: **Policía Local do Concello de Carballo**
Enderezo: **Praza do Concello s/n**
Contacto: **981 701 722 e 092**
Web:
http://www.carballo.org/seguridadeetrafico/camion_escolar.php?idioma=gl#ancla

Municipio: **Narón**
Entidade responsable: **Biblioteca Pública Municipal de Narón**
Enderezo: **R/ 25 de Xullo s/n**
Contacto: **981 382 173 e bibliotecacentral@naron.es**
Web: <http://biblioteca.naron.es/gl/catalogo/post/estreamos-un-novo-espazo>

Municipio: **Teo**
Entidade responsable: **Bibliotecas Municipais de Teo**
Contacto: **981 806 400 / 681 159 887**
Web:
<https://www.teo.gal/index.php/gl/servizo/bibliotecas/biblioteca-ostilos>

Municipio: **Boimorto**
Entidade responsable: **Escola Infantil do Concello de Boimorto**
Enderezo: **Casa da Cultura**
Web: <https://concellodeboimorto.es/en/articulo/bebeteca-2016-2017>



**Precisas coñecer máis
experiencias?**

RECURSOS QUE PODES VISITAR

<https://bbpgal.xunta.es/gl/>



Banco de boas prácticas
Prevenición da dependencia
Envellecemento activo

<https://www.berrituz.eus/es/>

berrituz

Instrumentos y buenas prácticas
en servicios sociales locales

<http://www.bbp.cat/index.php>



https://www.imserso.es/imserso_01/documentacion/bbpps/index.htm

Buenas Prácticas en Servicios Sociales

- ¿Qué es una buena práctica en servicios sociales?
- ¿Quiere publicar una buena práctica?
- Catálogo de Buenas Prácticas



<http://www.serviciosocialescantabria.org/uploads/documentos%20e%20informes/Los%20Servicios%20Sociales%20del%20Nansa.%20Una%20apuesta%20por%20el%20territorio.pdf>



<http://reces.es/wp-content/uploads/2018/08/III-Catalogo-Buenas-Practicas-Prevencion-Atencion-Absentismo-Acoso-Escolar.pdf>

III Catálogo de Buenas Prácticas Municipales en la
Prevención y Atención del
Absentismo y del Acoso Escolar



GALERÍA DE EXPERIENCIAS EN BENESTAR

